


Olladas no Pasado

Debullando folclore

Notas introdutorias e edición facsimilar



XUNTA
DE GALICIA

Olladas no Pasado

Debullando folclore

Notas introdutorias e edición facsimilar

XUNTA
DE GALICIA

Conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude
José López Campos

Secretario xeral da Lingua
Valentín García Gómez

Coordinador científico do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades
Manuel González González

Debullando Folclore
Colección Olladas no Pasado
Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea
Director: X. Amancio Liñares Giraut

Esta publicación contén a edición facsimilar do libro
Debullando Folklore, Cajaraville Pensado, Manuel. A Coruña, 1983.
ISBN 978-84-300-9366-3
Depósito legal: C 705 - 1983

Edita:
Xunta de Galicia
Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude
Secretaría Xeral da Lingua
Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades

© Das notas introdutorias: X. Amancio Liñares Giraut
Coordinador da edición: X. Amancio Liñares Giraut

Santiago de Compostela, 2025

Foto da cuberta: *[Mondariz-Balneario]. Aguas de Mondariz. (Alrededores).
Una fiesta en Sammil (Pias).*
Depositada na Biblioteca de Galicia e dixitalizada por Galiciana.
Obra en dominio público.

Fotos do apéndice fotográfico pertencentes ao álbum familiar
de Manuel Cajaraville Pensado.


Maquetación e impresión: Máis Deseño Silleda SL

ISBN: 978-84-453-5511-4
Depósito Legal: C 706-2025

Olladas no Pasado

Debullando folclore

Notas introdutorias e edición facsimilar



QUINTEIRO

Presentación, por Valentín García Gómez	9
O bailarín e coreógrafo Manuel Cajaraville debullou folclore, por X. Amancio Liñares Giraut	11
<i>Debullando folklоре,</i> en edición facsimilar	17
ANEXOS	117
Cajaraville Pensado, Manuel. <i>Nuevas biografías coruñesas,</i> por A. González Catoyra	119
Apéndice fotográfico	123

PRESENTACIÓN

SOBRE TESOUROS E RESCATES. A PROPÓSITO DA EDICIÓN FACSIMILAR DE *DEBULLANDO FOLKLORE*, DE MANUEL CAJARAVILLE PENSADO

Inicio a grata tarefa de escribir a presentación desta edición facsimilar de *Debullando folklore*, do negreirés Manuel Cajaraville Pensado, servíndome para a angueira dun exemplar da súa primeira edición en cuxa folla de cortesía se le, de puño e letra do autor, esta dedicatoria: “*Este libriño sinxelo adícollo o meo bon amigo Amancio Liñares con toda a miña admiración*”. Fago referencia a este feito porque resulta pertinente traer aquí que a decisión de recuperar esta xoia bibliográfica se debeu á proposta ben atinada do tamén negreirés Amancio Liñares, responsable do Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades da Xunta de Galicia.

O que realmente se pretende con esta edición, á parte de devolver á actualidade unha obra que supuxo unha achega no campo da etnografía cando saíu á luz en 1983, é lembrar e revalorizar a figura de Manuel Cajaraville Pensado, quen, ademais de soberbio bailarín, xenial coreógrafo e excelente mestre de baile, foi un incansable colector dos modos de expresión artística populares, e nomeadamente de baile tradicional, nunha época na que o lume do xenio creador do pobo galego, tan vigoroso durante séculos, comezaba a ofrecer as súas derradeiras faíscas a consecuencia das drásticas mudas tanto da estrutura social como do sistema económico do país durante a segunda metade do século XX.

Pero alén de posuír todas estas virtudes, Manuel Cajaraville Pensado constitúe ademais, neste 2025 en que o Día das Letras Galegas se dedica á poesía popular oral, un personaxe que está a representar un papel principal nunha celebración na que o foco se está a poñer nas chamadas Pandeireteiras de Mens (Malpica). Como é sabido e se está a recoñecer con xustiza aquí e acolá durante este ano, foi o folclorista de Negreira quen lle descubriu ao mundo as maravillosas voces e as habelencias musicais de Manuela Lema, Teresa García Prieto e mais das irmás Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, mulleres ás que, con intelixencia, rescatou do anonimato para depositar o caudal artístico do que eran custodias no rico celeiro do patrimonio cultural de noso.

Benvido sexa, pois, este libro de Manuel Cajaraville Pensado, con quen os galegos e galegas de hogano contraemos tantas débedas na forma de tesouros artísticos e culturais impagables, dos que, grazas a el, somos lexítimos herdeiros.

Valentín García Gómez
Secretario xeral da Lingua

O BAILARÍN E COREÓGRAFO MANUEL CAJARAVILLE DEBULLOU FOLCLORE

A Manolo Cajaraville úneme unha común terra matricial, o agarimo pola defensa e o cultivo da cultura galega, e mesmo uns apelidos de orixe francesa que deixaron como pegada algúns galos que nos comezos do século XIX chegaron á nosa comarca barcalesa (Cajaraville, Casabiell, Fadeville, Giraut, Peillet...). Hai, con todo, outras sabenzas e afeccións de Cajaraville das que me confeso case ignorante: el é un experto na pesca fluvial neste “país dos mil ríos” (Ramón Otero Pedrayo) ou dos “dez mil ríos” (Álvaro Cunqueiro), e o seu coñecemento é fondo na arte das formas do baile galego, do traxe e doutras manifestacións do folclore máis fondo e xenuíno.

Estas breves notas biográficas recollémolas do limiar que Xaquín Villar Calvo —daquela presidente da coruñesa Agrupación Cultural O Facho— escribiu no 1983 para o único libro de Cajaraville que veu a luz na súa vida, *Debullando folklore*, e engadímoslles datos que saíron das nosas propias conversas e pescudas.

Manuel Cajaraville Pensado (Logrosa-Negreira, 23.01.1926–A Coruña, 09.10.1999) era fillo dos negreireses Marcelino Cajaraville Mareque e Mercedes Pensado Pensado. Viviu a infancia en Logrosa, asistiu á escola primaria na vila e despois pasou vivir á Coruña coa súa familia. Eran tres irmáns. En “Unhas verbas” e mais nos relatos iniciais de *Debullando folklore*, que chama “Sucesos da miña vida”, o autor revélanos informacións autobiográficas: os oficios de seu pai —que foi represaliado e sufriu cárcere nos anos da guerra civil e no primeiro franquismo—, detalles do seu fogar, os seus traballos iniciais na adolescencia... Por exemplo, en “O galo de Don Xosé”, o bailarín e folclorista deixounos lembranzas autobiográficas, coas penurias familiares en Logrosa, nos anos da súa infancia, cando

prenderon a seu pai: “No ano trinta e nove pecharon o meu pai na cadea de Santiago, que aínda non sei hoxe polo que. El non matou, non roubou, e mal non lle fixo a ninguén. Trapalladas”, escribe.

Na cidade herculina, Manuel casou coa moza coruñesa Matilde Santamaría Abellón, en decembro de 1960. Deste matrimonio naceu unha única filla, María Elena. A familia mercou vivenda no barrio de Monte Alto, e alí se desenvolveu a súa vida. Cajaraville traballou en varias profesións até que se converteu en funcionario, como conserxe nun edificio da Seguridade Social (INSS), organismo onde tamén desenvolveu outras actividades laborais até a súa xubilación. A Coruña constituíu a cerna do seu espazo vital, e nesa contorna residen arestora os seus descendentes.

Manolo iniciouse na danza xa moi noviño. No 1943, acadou un primeiro premio nun concurso de baile galego celebrado na Coruña e logo, durante moitos anos, obtivo os primeiros galardóns nas prestixiosas Xornadas Folclóricas de Compostela, que teñen lugar arredor da Festas do Apóstolo. Foi coreógrafo e mestre de danza en diversas agrupacións coruñesas. Cajaraville fixo os primeiros intentos para conseguir un ballet galego, “e moitos dos nosos bailes non pasaron ao esquecemento grazas a que el soubo recollelos do pobo e incluílos fielmente nas súas creacións artísticas”, escribe Xaquín Villar.

Hai dous feitos que deben subliñarse no traballo folclórico e etnográfico de M. Cajaraville: a súa relación coas pandeireteiras de Mens (Malpica de Bergantiños) e mais a recuperación do fandango. Nos tempos nos que foi director artístico da agrupación Aturuxo, incorporou as pandeireteiras de Mens ás súas actuacións. Sentírase fascinado pola valía musical destas mulleres, e iniciativas coma esta prenderon e estendéronse con moito éxito. De feito, a partir das décadas de 1970 e 1980, foron espallándose por Galicia grupos musicais que aprenderon a tocar a pandeireta, que acompañaban con letras e melodías recuperadas. Por outra parte, dise que Manuel rescatou nas terras de Muros o fandango, unha creación musical

semellante á xota, de moda nos séculos XVII e XVIII. De todo isto ofrécense referencias nas páxinas de *Debullando folklore*.

É autor de obras como *Suite gallega* —que se estreou en diversas urbes europeas e americanas— e *Romería e noite de meigallo i exconxuro*, presentada no Teatro Colón herculino no 1974. Está en posesión da Medalla de Ouro Marcial de Adalid, imposta pola Real Academia de Belas Artes N.^a S.^a do Rosario, nun acto que tivo lugar o 18 de febreiro de 1984.

Percorre, incansable, aldeas, montes, ríos e vilas da Galicia enteira. “Camiñante infatigable pola beira de todos os ríos galegos —é afamado troiteiro—, coñece coma ninguén o silencio das tardes soleadas das nosas primaveras, a lentura dos prados e o sempiterno rolar dos muíños”, anotaba o presidente da Asociación Cultural O Facho.

Da autoría de Xurxo Souto (A Coruña, 1966), outro artista vinculado a Monte Alto, son estas liñas publicadas en “Música cósmica” (*Nós Diario*, 20.05.2020), nos días tensos do andazo da covid:

Lémbrome do bailador Manuel Cajaraville, grande artista.

Nos anos setenta saíu, co seu Seat 850, polas aldeas adiante, buscar as fontes da enxebreza. Nada atopaba. Non se desanimou. Un día ergueuse moi cedo. Dende A Coruña tirou até os outeiros dos Ancares. Entrou nunha palloza e viuno. Un gran pandeiro para petar a catro mans. Emocionouse. Pregutoulle ao propietario, un velliño, se nos tempos de antes tocaban moitas pandeirdas, “algunhas tocabamos, maiormente colliamos o pandeiro para escorrentar as treboadas”. Música cósmica. Por iso, escorrentemos a treboada. O tempo das persoas é agora.

Haberá primavera.

E Xurxo Souto inclúe a Cajaraville como un dos personaxes protagonistas do seu libro *Contos da Coruña* (2007), “unha apaixonante viaxe ao fondo da memoria desta cidade e dos seus barrios populares”, anuncia a presentación editorial.

De Cajaraville deixounos un testemuño biográfico o escritor Alfonso González Catoyra (A Coruña, 1917-1999), nun libro titulado *Nuevas biografías coruñesas*, publicado en 1997. Velaí máis información sobre o bailarín e coreógrafo de Cántigas da Terra, de Lembranza da Arte, de Aturuxo. Sempre defendendo a identidade galega na cidade herculina. Reproducímolo integramente e traducímolo á lingua galega nos anexos da presente edición. Amais, o blog da Agrupación Folclórica Aturuxo dá conta da homenaxe póstuma que lle tributaron a Manuel Cajaraville en 2005, cando lle outorgaron a medalla de ouro da entidade. E máis recentemente, o 5 de xuño de 2022, tamén se lle rendeu homenaxe na súa Negreira natal, co gallo do XXX Día da Muiñeira, organizado polo bailarín e mestre argalleiro Manuel Figueira Lorenzo e a súa sociedade cultural e folclórica Veiga do Cotón, no que participaron varias agrupacións musicais.

Hai uns anos, con toda lóxica, o gaiteiro e animador musical xalleiro e bañense Emilio Lois (membro de Carapaus, Os Campantes da Baña, mestre de gaita e acordeón...) amosou interese en conseguir o libro *Debullando folklore*. Paseille unha copia do meu exemplar, que conservo asinado polo autor. Porque o señor Cajaraville era un amigo da casa e coñecía ben a nosa liñaxe familiar, debido ao seu vínculo inesquecible con Logrosa. Cando dende A Coruña viña de xira pola comarca, sobre todo como troiteiro e pescudador de tradicións musicais e culturais, sempre pasaba polo bar A Porta do Sol, para xantar o polbo á feira, acompañado por unhas cuncas de viño do Ribeiro. Tamén o acompañaba nestas roldas un compañeiro nas mañás da pesca, o coruñés Jesús Ripamonti. Tales encontros gastronómicos, adobiados co valor da amizade, xunto cos contos, as cantareas e o baile, forman tamén parte das tradicións culturais do noso país!

Debullando folklore, con refráns, regueifas, bailes, partituras, contos, relatos da emigración galega..., é unha obra imprescindible para quen queira achegarse á viveza das nosas tradicións culturais.

É unha peza e testemuña etnográfica, un documento do seu mundo vivido e recreado no pasado século XX. Publicado en 1983, e con edición esgotada. Curiosamente, fora editado por Begano —a concesionaria coruñesa da Coca-Cola (!)— e impreso na división de artes gráficas de *La Voz de Galicia*. A obra recolle moitos retallos e recantos interesantes. Vai prologado, como xa indicamos, polo daquela presidente da histórica Agrupación Cultural O Facho, Xaquín Villar Calvo (*Xocas*), natural de Merza, Vila de Cruces, falecido en 2015. E está acompañado de fotografías da época, xunto con debuxos da autoría de Javier Fonte Gundín (1940-1995), músico e artista coruñés.

Son todos estes motivos suficientes para que na colección *Olladas no Pasado*, do Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea do Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades, decidiramos recuperar esta obra do terreiro folclórico. Quérese contribuír deste xeito á celebración das Letras (e Músicas) Galegas no presente ano 2025, unha efeméride que a Real Academia Galega decidiu dedicar ás cantareiras e á poesía popular oral. Manolo Cajaraville Pensado desenvolveu moito labor encomiable nesta angueira.

X. Amancio Liñares Giraut

Coordinador

Ámbito de Estudos en Historia Contemporánea – CRPIH

[Baixo o título “Manuel Cajaraville”, as primeiras versións destas notas introdutorias foron publicadas nas seccións Letras da diáspora (semanario *Galicia en el mundo*, Vigo, 11-17.04.1995, p. 41) e Nas veas da diáspora (semanario *O Norte*, n.º 97, Negreira, 07.06.1998, p. 2)].

AGRADECIMENTOS:

Agrupación Folclórica Aturuxo (A Coruña), Ramón Blanco Fernández, María Elena Cajaraville Santamaría, Manuel Anxo Castro Mato, María Coutinho Villanueva, Xosé Manuel Fernández Pensado, Gregorio Ferreiro Fente, Manuel Figueira Lorenzo, Valentín García Gómez, Alfonso González Catoyra, Manuel González González, Emilio Lois Blanco, Asociación Cultural O Facho (A Coruña), Armando Requeixo Cuba, Celia Rozas Donsión, Xurxo Souto Eiroa, Xosé Manuel Varela Varela, Xaquín Villar Calvo.

manuel
cajaraville pensado



debullando
—folklore

Debullando folklore

MANUEL CAJARAVILLE

División de Artes Gráficas
«La Voz de Galicia, S. A.»
La Coruña
ISBN: 84-300-9366-4
Dep. Legal: C. 705 - 1983

Limiar

A amizade e admiración que dende longo sinto por Manolo Cajaraville, xustifica o que eu poña este Limiar que tería de ser escrito por un calificado etnógrafo. A primeira dificultade que se me presenta é a da valoración axeitada do autor e a súa obra, pois si importante é a segunda, a traxectoria vital do Mestre é merecente dun fondo estudo.

Manoel Cajaraville Pensado nacéu en Negreira en 1926. Ali, en contacto co mundo rural, ese mundo que el leva sempre dentro, iniciase na danza, o que lle permite aos seus 17 anos obter un primeiro premio nun concurso de Baile Galego celebrado na Coruña en 1943, que sería o principio dunha ristra de éxitos, como os logrados nas Xornadas Folklóricas de Santiago, o certame mais importante que se celebra en Galicia, onde cada ano consegue o primeiro premio.

Coreógrafo, mestre de danza en diversas Agrupacións da Coruña, rexeitou sempre a profesionalización para non ter que deixar a súa terra. Cajaraville foi quen fixo os primeiros intentos para conseguir un ballet galego, e moitos dos nosos bailes non pasaron ao olvido gracias a que el soupo recollelos do pobo e incluílos fielmente nas súas creacións artísticas.

Autor de obras como as estampas «Suite Gallega» estrenada en varias cidades de Europa e América. «Romería», posta en escea polos Festivales de España en 1973. «Noite de Meigallo y Exconxuro», estrenada no Teatro Colón da Coruña en 1974, adicóu toda a súa vida á pescuda do mais auténtico do noso folklóre, recorrendo, incansabel, vilas e aldeas de toda Galicia.

Froito destes achádegos é este testimonio etnográfico que el chama «Debullando folklóre», verdadeiro compendio da cultura espiritual do país galego. Contos, bailes, refráns, regueifas... todo elo recollido con autenticidade e amor, sin axudas nin compensación económica algunha.

E gratificante atoparnos coa súa escrita tan natural, onde o idioma, aprendido na súa nenez, está moi pouco deturpado polo «castrapo» cidadán. Cajaraville escribe como fala, sin pretensións literarias, mais na súa aparente sinxeleza albíscanse unhas dotes de agudo narrador.

Camiñante infatigabel pola beira de todos os ríos galegos —é afamado troiteiro— conoce como ninguén o silencio das tardes soleadas das nosas primaveras, a lentura dos prados e o sempiterno rolar dos muiños. Toda esa realidade rural, todo ese sentimento lírico, tan rexamente popular, son as notas características da súa obra, auténtico documental do mundo vivido e recriado por él con precisión notarial, pero en cuio fondo latexa, rebuldeira, a poesía.

XAQUIN VILLAR CALVO

Presidente da Agrupación Cultural «O Facho»

Unhas verbas

Todas cantas persoas merquen e folleen esta obra sinxela, que non pensen que van atopar nela un traballo literario de grandes méritos. Non.

Os que me coñecen, pois xa me coñecen. Os que non, diréilles que un rapaz nado na aldea, que non puido ire á escola por razóns que non veñen agora ó caso, non pode facer milagres.

Traballar, eso sí, traballéi decote; nunca deixéi de facelo. Oficios tiven dabondo: fun piñeiro, peón de albañil, criado dunha familia mui podente de labranza, zapateiro, etc. Si os oficios se trocasen en tíduos universitarios, entón ¡cántas cousas boas poide- ra eu facer! Política non, por certo.

Ó través da miña vida fun recollendo algunhas menudencias que penso non deixan de ter algún intrés. Entre outras cousas que máis adiante veredes fun axeitando uns contos populares e outros verdadeiros, unhas cantarelas das que eu ouvira cando era pequecho, refráns (que, por certo, dos catro mil que teño recollidos non pubrico máis que uns poucos, pois deste xénero hai xa moitas cousas publicadas).

Non quixera rematar estas verbas sin denantes amostrarlle o meu profundo agradeceamento a M.^a dos Anxos García Martínez, que tanto intrés puxo ela na entrevista que me fixo.

Esta rapariga, dina de admiración, ós dazasete anos aínda non ben cumpridos xa se intresaba polas nosas cousas e pola nosa cultura. Deus cho pague, María, e nunca deixes en esquenzo todo canto podas facer pola Nosa Terra. Intelixencia tes dabondo, e quedache moito camiño por adiante pra facer cousas de moito proveito.

MANUEL CAJARAVILLE

Medalla de Ouro «Marcial del Adalid»
imposta pola Real Academia
de Bellas Artes «Nosa Señora do Rosario»

Sucedos
da miña vida



Manolo Cajaraville e Rosa Pita nunha
estampa mariñeira

O cabirto

Eu coñezo un cabirto que non é fillo de cabra nin de castrón. O día que nacéu non foron en procura do veterinario: foron chamare o médico.

Tudo esto parés cousa do demo; pro non é así; son cousas da aldea.

Acontecéu da mesma maneira. Pirmeiro nacéu miña aboa. Dispois miña nai, e na derradeira nacín eu.

A miña aboa andivo decote batendo a roupa no río e pranchándoa prós señoritos do pobo; prantaba patacas nun ferrado de terra de renda; tiña dúas cabras, que ó tempo que lavaba na roupa, prendías nun silveiral pra que se foran mantendo. Vendía os cabirtos e máis o leite.

A xente por aquilo de andar coas cabras sempre ó rabo, dóulle en chamare «Xenerosa da Cabra». Dinspois de morrere miña aboa quedóulle o alcume a miña nai, «Mercedes de Xenerosa da Cabra». E ó cabo dos anos nacéu «O cabirto»; ese son eu.

¿Vedes cómo eu tiña razón? Nin miña nai era cabra, nin meu pai castrón.

O galo de Don Xosé

Eu nacín na aldea.

De tres irmáns que fomos e somos, eu son o máis vello, que polo de agora aínda son novo.

O meu pai traballaba nunha fábrica pequecha que había no noso pobo. Dalí a pouco tempo montou un obradoiro. Nel traballaban cinco homes: uns faguían zocos, outros botinas pras mulleres, de moitos oxales, que naquel tempo era a moda, e ún adicábase ás composturas.

O caso é que na nosa casa non faltaba de nada. Pola mañá leite con café, eu chiculate; cando eu quería comere papas de millo ou leite preso con broa, facíalle o troque ós rapaces do lado da nosa casa. Ó mediodía, pito con arrós, becerra con patacas ou cousas polo estilo.

Lémbrome ben de cando fixen a Pirmeira Comunión: traxe de mariñeiro, calcetíns branquiños e zapatos de charol. Eu iba tan campante que mesmamente semellaba o fillo do alcalde, ou ún deses.

Dalí a uns anos as cousas cambearon. Estoupou a guerra do trinta e seis. Meu pai tivo que fuxir, i eu tiven que saire da escola pra gabear polos pinos enriba apañando piñas, pra venderllas ós señoritos do pobo.

Non me esquezo de a cómo me mercaban o cento: dous patacóns e unha perra. ¡Xa había que apañar piñas!

No ano trinta e nove pecharon ó meu pai na cadea de Santiago, que aínda non sei hoxe polo qué. El non matou, non roubou, e mal non lle fixo a ninguén. Trapalladas.

Un sábado, a romper o día, a miña nai foise a Santiago pra ver ó meu pai, e de camiño, levarlle unha muda limpa. Ela dixéranos que non voltaría hastra o luns.

Na casa non había máis que un anaco de touciño e unha cunca de fariña de millo. O mediodía, a miña irmán e máis eu, puxemonos a faguere un freixó con torresmos e alá se foi a fariña e o touciño.

Tivemos que ire prá cama sin cea. O día seguinte non tiñamos farangulla que levar a boca. O pequerrecho non faguía máis que chorare, pro eu ben sabía que era coa fame.

Púxeme a cavilare e de súpeto vin dende a fenestra as galiñas de Don Xosé. Don Xosé era o crego da nosa parroquia. Unha das nosas fenestras daba á horta onde se atopaban as galiñas. Fun decontado a remexere nun caixón onde o meu pai tiña acochado as estribilladas con que pillaba as troitas. Atopéi un anzó. O cordeliño xa o tiña eu, dun foguete que atopara no monte da chousa, un día que iba prás piñas. Neste monte, era onde o fogueteiro tiña un casucho, e alí faguía as probas dos foguetes.

Cun fio dos que tiña a nosa nai pra nos remendar a roupa, trinquéi o anzó ó cordeliño. Fun de contado ó regueiro e apañéi unha miñoca, púxena no anzó e subín pró so-

brado. Dende a fenestra fun deixándoa caere pouco a pouco. Non fixo máis que caere no chan, e o galo que era o que máis preto se topaba escomezou a engullila. Esperéi un anaquiño pra que o tragase ben, e neste escomencéi a tirare pola liña.

O probe do galo non dou chíu, non faguía máis que tremare. Coido que naquel intre, tremaba eu máis que o galo, por medo a que algún veciño me vira.

Eu xa sabía que pecado non era a laboura que estaba faguendo. Era a fame. Pro a vergonza sería moita de que foran tacharme de ladrón sin selo.

Agarréi o galo pola gorxa, baixéi prá cociña, pilléi un coitelo e cortéille o pescozo: o probe do animal aínda tardóu un anaco en morrere; pro cando vin que xa non esper-nexaba, chaméi pola miña irmán, que estaba na eira. Veu de contado. Puxémonos a arrincarlle as prumas. Alcendimos o lume con piñas, pois éstas non faltaban na casa. O que se nos esqueceu foi o sal; pro sei que sin sal e todo, o galo sabía a groria. Tanto os meus irmáns como eu, démonos unha boa enchenta.

¡Xa non tiñamos fame!

As prumas e máis canta porcallada tiña no bandullo, fomos enterralas.

Pasaron os anos, e estivemos máis caladiños do que está o galo hoxe.

Dalí a pouco tempo, fuximos pra Cruña. Eu seguín cavilando en Don Xosé e no ga-lo; non me saían do sentido. Coido que no mundo non había millor persoa que Don Xo-sé.

¡Cántas veces me ten chamado, pra me dar unha cunca de caldo ou un anaco de pantrigo! Cando faguían as hostias na súa casa, todo o sobran-te era pra min. Don Xosé decíame que era o rapaz da parroquia que máis comulgaba. Era verdá; ¡cántas hostias teño comido!

O cabo dos anos puiden ire a nosa aldea, non levaba outra cousa no sentido que vere a Don Xosé, pra lle contar o acontecido, e máis pedirlle que me perdoara. Pro non puido sere: Don Xosé morrera.

Soio pido a Deus que o recade pra xunto Del, que coido que xa estará.

E xa veremos: cecais algún día poida eu falar con él.

Conversa co autor

Por M.^a DE LOS ANGELES GARCIA MARTINEZ

Eu ouvira falar moito de Cajaraville pro nunca o vira diante miña. Certo dia atopábame nunha taberna mui enxebre da Cruña na campaña dunha compañeira de estudos, e ela dixome:

—¿Ves aquel home fraco, de pelo crecho e ollos azulexados? Pois é Cajaraville.

Dixenlle que mo presentara e así o fixo. De primeiras non me foi mui pándigo que digamos; pro dimpóis de moita conversa fun decatándome que era persoa intresante. Pouco a pouco, e con moita habilidade, fun tirándolle da lingua, escaravellando nél. Das resultas da conversa parecéume persoa de intelixencia natural, sensíbel e de moito sabere das nosas costumes.

Dixome que mercara as «Memorias dun neno labrego», de Neira Vilas, que pra él fora do máis grande que léra da narrativa na nosa língoa. Lin o libro e penso que Cajaraville ben poidera ser o protagonista dese libro, somentes fáltalle chamarse Balbino.

Eu séi que Cajaraville ten moitas cousas «inéditas», recolleitas do noso folklore, cacheadas de aldea en aldea. Cando soupen que iba publicar «Debullando Folklore» propúxenlle facer eu o limiar, pro non poido sere, xa el llo pedira ó seu amigo Xaquín Villar.

Foi cando me puxen a matinar pra poñer o meu graiño de area en «Debullando Folklore», e dimpóis delledar moitas voltas ós miolos ocorréuseme facerlle unha entrevista pra este libro, e Cajaraville non me puxo impedimentos.

Pra ti, querido leutor, ahí che van as miñas preguntas coas respostas dél na espera de que sexan do teu agrado.

Señor Cajaraville: O meu desexo nesta conversa é basala toda ela no folklore, que ben sei que vostede sabe moito. Entón escomenzo preguntándolle:

—¿Qué é folklore?

—Si esta pregunta lla fixeras a moitas persoas dirianche que folklore é canto e baile. Folklore é moito máis, podemos decir que é a cencia, a cultura, as costumes dun pobo. Eu poidera poñerche milleiros de exemplos, pro neste intre recórdaseme un conto mui fermoso que nos contaban os nosos abós pola invernia ó carón da lareira cando eramos pechechos, e veleiqué o exemplo:

Unha vez andaba o demo na procura do noso Señor coa intenzón de facerlle mal. No camiño o raio do demo atopóu un chasco e preguntóulle:

—Chasco, ¿viches pasar por eiquí a Deus? E o chasco díxolle a verdade deste xeito:

—Chas, chas, por aí ben vas.

O demo siguéu camiño adiante; atopouse cun chinchón e díxolle:

—Chinchón, ¿viches pasar por eiquí a Deus?

E o chinchón co seu rechou cheo díxolle.

—Chin, chin, por eiquí non o vin.

Este paxariño é moi querido polas nosas xentes, porque fixo arredar do camiño ó demo. E o chasco é páxaro de mal agoiro nas nosas xentes.

—Entón, ¿cómo nacéu a verba folklore?

—O 16 de novembro do ano 1803 nace na cidade inglesa de Westminster un home chamado William John Thoms. Iste home foi especializándose en Arqueoloxía e no ano 1846 saca a relocir a verba «folklore», hoxe espallada no mundo enteiro. Isto non quere decir que non existira moito antes folklore. Eu penso que dende que os homes pisaron a terra xa facían folklore, pro como ti somentes me preguntas cómo nacéu a verba, deste xeito queda dito.

—¿Cando empezou vostede a intresarse polo noso folklore?

—Posibelmente foi un herdo de familia. O que podó decirche con toda seguranza é que ese verme folklórico que levo dentro nacéu moito antes que min. Miña nai decía decote: Este fillo cando naza ten que ser bailarín, non ten acougo, nunca está quedo, nunca para de rebullir en min.

—Sei que é moi bon bailarín das nosas danzas, ¿quén foi o seu mestre?

—Eu non tiven mestre; o meu mestre foi o nacer na aldea. Ela enseñóume a bailar. Podó tamén decir que bebín da auga das fontes máis puras do noso folklore; e dimpóis, con moitos sacrificios i esforzos, foron os libros. ¡Cántas veces non tiña pra pan e mercaba estampas!

—Xa que dí que non tivo mestre, ¿cómo deprendéu a bailar?

—Cando eu era pequecho bailabase moito o «suelto» nas romerías. As miñas olladas estaban decote postas naqueles homes que tan ben bailaban, hoxe desaparecidos. Tamén cando ibamos co gando pró monte levábamos unha pandeira vella i entre rapazas e rapaces argallábamos as nosas pequechas foliadas. Dimpóis escomecéi a bailar nas romerías, foliadas e fiadas.

—Os mozos da miña xeneración non tivemos a oportunidade de saber como eran as fiadas. ¿Podería decirnos vostede cómo eran?

—As fiadas eran a xuntanza de mulleres durante o día nunha casa onde tiveran que fiar liño ou lan; ó remate desta laboura dabanlles unha cunca de leite con pantrigo. Aló polo cerrado da noite iban chegando os mozos, i era cando se argallaba o baile, ben con gaita, acordeón ou pandeiras. Esta cras de troulas duraban hasta altas horas da noite.

—¿Cómo atopa vostede na actualidá o noso folklore?

—Disgraciadamente, e con moita doenza do meu corazón, teño que decir que moi baixo, tan baixo que anda polo chan.

—¿Poderíanse decir as razóns?

—As razóns son moitísimas, faría falla escribir un libro pra espoñelas todas. Pro diréiche que hoxe estamos sufrindo un «tífos». Por unha banda a incultura que temos no que se refire ó folklore, e por outra a pouca unidade que hai entre nós, e tamén as poucas axudas que temos catro «quixotes» que adicamos o noso tempo a esta cras de laboura.

—Si na man de vostede estiveran estes problemas, ¿sería capaz de arranxalos?

—Coido que sí.

—¿Qué faría entón?

—Escomezaría porlle decir ós Centros Oficiáis como son Delegación de Cultura, Diputación, Axuntamento, Fundación Barrié, etc., que se decaten que hoxe por hoxe, hai na Cruña máis dunha ducia de Agrupacións Culturáis adicadas a polifonía, cantos populares, danza, teatro, etc., que están morrendo á miñoca, por falla de medios económicos e outras cousas máis.

- ¿E vostede pensa que eses Centros poideran manter a tantas agrupacións?
- Non, eses Centros somentes tiñan que nos percurar un local que reunira condicións pra acovixarnos todos e que todos fóramos úns. Deste xeito faríamos máis labou-
ra cultural a tódolos nivéis.
- ¿Cal sería a maneira de manter todo esto?
- Estou ben seguro que o faría o mesmo pobo cruñés. E aínda máis, tamén chegaríamos a amortización do local antes dito.
- ¿O pobo cruñés? ¿De qué xeito?
- Diríache que o exempro témolo ben craro na S. O. F., ou sexa, a Sociedade Ove-
tense de Festexos que conta hoxe cōn vintecinco mil socios cunha cuota de cincuenta
pesetas mensuais. Esta sociedade está recollendo ó ano quince millóns de pesetas.
- Dime tí si na Cruña non podemos facer unha cousa semellante. Agora ben: os ove-
tenses fan uns festexos anuais adicados o día de América en Asturias, traendo grupos
folklóricos de tódalas partes do mundo. Eu tiven a sorte de poder ver e vivir con eles es-
ta cras de festexos.
- Quero decir con todo esto que podémoslles dar ós nosos socios, espectáculos de
primerísima calidade; doutro xeito non se pode dar. A razón é que a xente que vale está
espallada polos grupos adiante.
- ¿De qué tipo de espectáculo fala?
- Pois conferencias sempre relacionadas có noso arte, polifonía, teatro, danza,
cantos populares, etc., etc. E tamén podíamos mandar fora do noso país espectáculos
mui dinos.
- Si se puxeran mans a esta obra acadaríanse esos vintecinco mil socios na
Cruña.
- Non hai que esquencer que A Cruña foi sempre unha cidade inqueda nas cou-
sas artísticas e non me canso de decir que estou ben seguro. O que facía falla era unha
boa difusión tanto nos xornais como na radio e TV. E dimpóis que me digan a mín que
un cruñés non deixaría caer do seu peto dez pesos ó mes. O que temos que facer é tra-
ballar máis e latricar menos.
- Pra rematar esta conversa quixera facerlle unha derradeira pregunta: ¿Qué cou-
sa lle gustaría facer dentro do noso arte que non fixera nunca?
- Quixera facer moitas, pro a que máis me anda nos miolos rebulindo é o poder
escenificar a Virxen do Cristal, de Curros Enríquez; por falla de axudas económicas, e o
músico que, desgraciadamente, non naceo en Galicia, ben sei que teño que morrer cas
gañas.
- Ojalá non sea así, que algunha persoa que teña na sua man axudarlle o faga, non
soio a escenificar a Virxen do Cristal, sinón todas as cousas que vostede ten nos
miolos.
- Gracias, señor Cajaraville, e pense que vostede é das persoas que nunca morre-
rán.

O sombreiro de palla

O sombreiro de palla é unha prenda mui antiga i enxebre en Galicia. O seu formato difire moito dunha bisbarra a outra, e incurso dentro da mesma provincia.

O que hoxe nos ocupa é o chamado «xalleiro». O seu nome provén da comarca de Xallas. Posibelmente sexa este sombreiro o máis fermoso de todos eles, a proba de esto é que hoxe se están levando pra fora da nosa terra.

De todos modos é sabido que as xentes do noso campo úsano pra se protexer do sol e da choiva, sempre van as nosas mulleres con el posto, vrau e inverno. Decote foi unha prenda de traballo, nunca de festa.

Esto ven ó caso que non é a primeira vez que vemos algún grupo folklórico coas súas rapazas vestidas con roupas festivas, de gala, e co sombreiro na cabeza. Isto a min paréceme cousa sin sentido e sin xeito; coido que cada cousa é pro que é.

Moitos dirán que estas miudezas non teñen importancia. Pra min téñena moita. Por estas cousas pequechas é por onde hoxe, polo seral empezan a dexenerarse todos nosos costumes: música, danza, vestimenta, etc.

Tamén dirán que un sombreiro non é folklore. Dende logo que o é. Pois dél forma parte.

Si folklore son as costumes dun pobo, ¿por qué non loitamos por defendere e cuidare todo, sexan cousas grandes ou pequechas?


Fai anos estaba eu mercando uns sombreiros na feira de Noia, e achegóuse unha rapaza con fala castelán preguntando cánto custaba unha «pamela». Emprendín unha conversa con ela pensando que era dalgún grupo folklórico, pro resultóu sere de Madrid. Dimpóis de que a rapaza fixo a compra, díxome que iba a amañare o sombreiro sacándolle as fitas mouras e trocarllas por unhas de coloríns, e poñerlle un ramiño con cereixas artificiáis. Eu saínlle ó atallo decíndolle que, dese xeito, perdería o sombreiro a súa esencia, pro non puiden convencela.

Dalí a uns días atopéi a rapaza na praia de Louro co sombreiro posto. Saudéina, e díxome:

—¿Se convence usted de que el sombrero está así más lindo?

Eu contestéille que cada ún fai do seu un pandeiro. Os pandeiros son de coiro de cabra, e destas hai dabondo.

Veleiqué que unha señorita de Madrid escoltrou un sombreiro noso.



FEITURA DO SOMBREIRO

Primeiro se escollen na leira as pallas máis brancas e de máis igoaleza posibel, unhas gordas e outras delgadas. As gordas son pró cordón da ala, e as delgadas pró curuto. Esta laboura fáise cando o trigo está pró fouciño, ou sexa, cando chegou a súa madurez. As pallas vanse cortando de nó a nó, sempre que dito nó desapareza, pra que as pallas queden focas.

Unhas horas antes de facer o cordón, que sera de catro pallas, teñen que sofrir un remollo con auga ben limpa. Cando o cordón está feito, cun marteliño, enriba dunha pedra ben lisa, váise golpeando con moito xeito pra que quede esmagado. Chámanlle as nosas artesáns «o pranchado».

Dempóis empézase a coser con fio branco o cordón do curuto en forma de caricol; e cando se ten esta parte feita engádeselle ó da ala. Unha vez feito cóseselle unha fita moura ó redor, antre o curuto e a ala, e pola parte traseira cósenselle dúas fitas que van penduradas unha a par da outra, hastra chegar a altura do pescozo.

A CURIOSIDADE DO SOMBREIRO

(1) Moita xente coida que as fitas do sombreiro se lle poñen de adorno. As fitas teñen o seu porqué: lembremos que os vrans derradeiros na nosa terra eran de moita calore. Os tabáns, que abondaban coma formigas, polo xeral sempre pican á xente no pescozo, i entón cando as nosas mulleres se atopan na leira traballando, ou noutros trafegos, as fitas que van penduradas pola parte traseira hastra o pescozo, ó se abanearen son as encarregadas de escorrentar ós tabáns.

Cousa semellante faina o gando; pro a estes animais Deus deulles o rabo.

(1) Esta información deuma o veciño de Vilar da Torre, Lañas (A Baña), D. Manuel Pais, alá polo ano corenta, si este home vivira hoxe tería 135 anos.

Pregóns

Pouco a pouco fóronse perdendo os pregóns daquela xente que tanta gracia e xeito lle daban os seus berros pra ofreceren a súa mercancía.

Aldeas, romarías, feiras e cidades eran os lugares das súas vendas.

Pro antes de entrare nos pregóns lembrémonos e fagamos dende eiquí un home-naxe a aquelas persoas de Noia que tantos traballos as probes pasaron pra levarnos o peixe as nosas casas. Descalzas, a través de montes, buscando os atallos pra facer o camiño máis liviadeiro, carregadas como burras, de aldea en aldea, de porta en porta, deixando o seu peixe. Moitas das veces trocábano por froito, patacas, millo, herbellas, centeo e outras cousas.

¡Que Deus lles dé a gloria!

Nunca máis me esqueceréi de Carme. Era unha muller mui pándiga e adoitaba faguer a súa venda na nosa aldea. Comía decote na nosa casa pois deste xeito a miña nai non lle custaba nada o peixe.

Lémbrome ben que unha veciña nosa decote preguntáballe a Carme o que levaba, pro nunca lle mercóu nin tan siquera unha xouba. Un día berróulle desde a fenestra:

—Carme, ¿e qué levas?

A Carme, xa cansa de ouvirle sempre a mesma hestoria, díxolle:

—Fodós, carrachos no cú e pelos na...

A PENXEIRA DA (CRUÑA)

Parrocha viviiiñaaa...!

¿Quén me leva a parrocha?

A SARDIÑEIRA DE BETANZOS

Sardiña viviiiñaaaa... traemola nos, sardiña do xeito que son da millor.

A DAS MINCHAS

Ai minchas, ai minchas, rellenas de xamón.

A DA VERDURA

¿Quén quer a verdura, ou bos xenos ou bon repolo, ou bons grelos?

A CHURRERA

La churrera, hay churros calentitos de ahora. La churrerita caramba.

O DA MEL

El mielero, la buena miel de la Alcarria.

O BOTIXEIRO

El botijero, botijo fino.

O AFIADOR

Afiador, paragüero. Que afila tijeras, compone tarteras, cazuelas, sartenes, pucheros de porcelana.

A DOS ALLOS

¿Quén merca os allos, quen quer mercarallos?

A CASTAÑEIRA

Handwritten musical notation for the song 'A CASTAÑEIRA'. It consists of two staves in 3/4 time. The melody is written on a treble clef staff. The lyrics are written below the notes. The first line of lyrics is '¡HA-LA QUE VAN FER - VEN - DO!' and the second line is '¡HA-LA LE - VA - LAS CAS - TA - ÑAS !'. There are accents over the 'A' in 'HA-LA' and the 'A' in 'CAS - TA - ÑAS'. A fermata is placed over the final note of the second line.

¡HA-LA QUE VAN FER - VEN - DO!
¡HA-LA LE - VA - LAS CAS - TA - ÑAS !

AS PIÑEIRAS

Handwritten musical notation for the song 'AS PIÑEIRAS'. It consists of two staves in 3/4 time. The melody is written on a treble clef staff. The lyrics are written below the notes. The first line of lyrics is '¿QUEM MER - CAAS PI - NAS?' and the second line is '¿QUEM QUER BOAS PI - NAS?'. There are accents over the 'M' in 'MER - CAAS' and the 'P' in 'PI - NAS'. A fermata is placed over the final note of the first line.

¿QUEM MER - CAAS PI - NAS?
¿QUEM QUER BOAS PI - NAS?

A DAS AMORAS

Handwritten musical notation for the song 'A DAS AMORAS'. It consists of one staff in 3/4 time. The melody is written on a treble clef staff. The lyrics are written below the notes. The lyrics are '¡HA - LA LE - VA - LAS A - MO - RAS !'. There are accents over the 'A' in 'HA - LA' and the 'A' in 'A - MO - RAS'.

¡HA - LA LE - VA - LAS A - MO - RAS !

O DA PRATA

Handwritten musical notation for the song 'O DA PRATA'. It consists of one staff in 3/4 time. The melody is written on a treble clef staff. The lyrics are written below the notes. The lyrics are '¿QUEM VEN-DE CO - BRE E GA - LOS DE PRA - TA ?'. There are accents over the 'V' in 'VEN-DE' and the 'P' in 'PRA - TA'.

¿QUEM VEN-DE CO - BRE E GA - LOS DE PRA - TA ?

A LEITEIRA

Handwritten musical notation for the song 'A LEITEIRA'. It consists of one staff in 3/4 time. The melody is written on a treble clef staff. The lyrics are written below the notes. The lyrics are '¿QUEM QUERE O LEI - TE QUEE BO ?'. There are accents over the 'Q' in 'QUERE' and the 'B' in 'BO'.

¿QUEM QUERE O LEI - TE QUEE BO ?



A regueifa

Xa se dixo que no século XIV se nomeaba a regueifa. Non deixou de tere na nosa terra un intrínseco poético e tamén dáu pé pra nosa literatura. Asegún moitos dos nosos escritores non era o mesmo a costume de provincia a provincia ou de comarca a comarca. Uns describena dunha maneira e outros de outra.

Pro antes de meternos na descripción da regueifa, vexamos o que dixeron dela algúns dos nosos escritores:

Eladio Rodríguez González. «Diccionario Galego-Castellano». Tomo III, páx. 255.— «La regueifa consiste en una rosca de pan de trigo con huevo y azúcar, más o menos adornada, hasta con cintas de varios colores, pero en realidad puede decirse también que es una especie de certamen más o menos poético en el que intervienen hombres y mujeres juveniles».

Antonio Fraguas Fraguas. «La Galicia insólita». Páx. 82 (15).— «Información de la Srta. Sande Viña.—La regueifa es una gran bolla de pan de trigo que se repartía en trozos a los que acudían al baile y canto. Esta fiesta de «regueifa» podía ser el día de la boda y mientras se estaba celebrando el banquete o pasados algunos días.

En Roo, cuando se casaba una pareja, al domingo siguiente, con pandeiros y pandoretas, hacían el baile de la «regueifa», y salían a bailar los dos mozos que mejor bailaban la muiñeira. La chica bailaba con el pan en la cabeza, en otros lugares era la novia la que salía con el mollete en la cabeza. Al terminar de bailar lo repartía entre todos y si alguien no le tocaba un trozo señalaba mala suerte para cuando se casara».

Xesús Taboada Chivite. «Etnografía Galega», páx. 193.— «A regueifa e a disputa dunha fogaza por meio de baile, somentes de homes. Constitue proba de axilidade e destreza, polas voltas e revoltas que teñen de efectuar os bailaríns. Tamén existe a Regueifa de Boda. A noiva baila unha especie de muiñeira cun bolo na cabeza».

Eu son neto e fillo de regueifeiros, tanto meu abó como meu pai téñenme falado moito das regueifas. Sendo eu rapaz, soamente recordo duas. O que sei e que as regueifas foron desaparecendo ó estoupar a guerra do 36, e xa nunca máis se volveron ouvir. Unha das cousas que tiven sempre moito intrínseco foi o estudo da regueifa y entón propúxenme facer unhas investigacións polas comarcas da Mahía, Barcala, Bergantiños, etc.

Pra poder facer este traballo o primeiro que fixen foi meterme terra adentro, escomecei por Brión, Ames, Negreira, Outes, Mazaricos, A Baña, Santa Comba, Dumbria, Zas, Vimianzo, Coristanco, Carballo e Cabana. Logo dimpóis xa entrei no litoral, Malpica, pasando a Ponteceso, Laxe, Camariñas, Corcubión, Fisterre, Carnota e Muros.

A regueifa é un molete mui grande de pantrigo que se disputaba entre homes con coplas improvisadas os días de boda; polo xeral os casamentos eran os sábados ou domingos.

Os xantares daquelas datas eran mui longos, rematábanse contra a noite. Das parróquias cercáns acudía a xente, uns cantaban, outros tocaban pandeiros e os demais bailaban. O gañador da regueifa repartía en anacos de pan os participantes. Os que tiñan noiva era costume levarlle un anaquiño. Si o cachiño de pan collía varol era sinal de casamento, tamén de teren fillos e levarse ben. Si non o collían era cousa de mal agoiro.

O cerrado da noite van chegando mozos e mozas a porta dos recién casados. Un mozo calqueira dos que se atopan fora escomenza unha cantarela sempre alusiva os noivos, padriños, o cura que os casou, ou a mesma regueifa. Exemplo:

*Señores pido licencia
e tamén pido perdón
pro querámos sabere
si hai regueifa ou non.*

E deste xeito contéstalle ún que ben poidera sere o padriño:

*A regueifa está na mesa
fariña de boa albeira
báilase e tamén se canta
pra iso é regueifa.*

Agora di outro mozo de fora:

*Xa que aquí temos a regueifa
con permiso dos presentes
ímos ver quen a leva
e quen lle chanta os dentes.*

Entón xa hai pé pra seguire adiante entre úns e outros neste desafío poético hasta que se declare un gañador.

Pro antes de sere entregada escomenza o baile da regueifa. Si a madriña sabía bailalo o faría ela e senón bailaríaa unha moza.

O son de pandeiros, pandeiras, cónchegas, etc., escomenzaba un mozo que mui viril vai dando voltas e reviravoltas o redor, facendo puntos caprichosos, cos brazos ó alto e castañetas penduradas dos dedos que as vai repinicando ó compás dos pandeiros.

A moza cun molido na cabeza e o molete de pan enriba, vai seguindo o bailarín mui mainiña cos brazos baixos e o corpo xirando de dereita a esquerda, con xeito mui sumiso sempre de trás dél.

Ó remate deste baile é cando se entrega a regueifa. Entón é cando escomenza o baile pra todos.

De todos cantos regueifeiros coñezo, o que máis me impresionou foi Manoel Alvite Ameixeiras (Manuel de Xuanito), de 73 anos, da parroquia de Fontecada (Santa Comba). Andiven a procura deste home días e días, pro eu sabía que por aquela comarca había un regueifeiro dos bos, e así aconteceu.

Cando atopé a Manoel na porta da súa casa preguntéille si él era Manoel de Xuanito e él repúxome:

*Se quere saber quen son
diréillo cara a cara
son Manoel de Xuanito
do lugar de Fontecada.*

Fixémonos bos amigos, contóume moitas cousas das nosas costumes, e entre elas díxome como gañara unha regueifa sin deixarlle abrir a boca os demais.

Pirmeiro tivo a grande habilidade de sabere de todo canto os noivos levaban posto, e o que costaran e tamén de donde viñeran... pra logo o día do casamento, vestire de riva a baixo cos seus versos os noivos.

Escoitemos a Manoel de Xuanito:

*Señores pido licencia
señores licencia pido
pra que non digás mañán
que fun un atrevido.*

*Boas noites cabaleiros
siñores de señoría
xa acabaches de xantar
gracias a Virxen Maria.*

*Abride esas fenestras
franqueade ese balcón
pola nai que vos pariu
dádeme contestación.*

Padriño: (dende a fenestra)

*Boas noites compañeiros
xa che veño a contestar
pro antes quería sabere
que queres perguntar.*

Manoel:

*Pois quero preguntar
con moita educación
que me digas de verdá
si hai regueifa ou non.*

Padriño:

*Hai regueifa grandisma
que foi feita en Carballo
que de grande xa pon medo
é como a roda dun carro.*

Manoel:

*Pois cando baile a madriña
o toque das pandeiretas
aínda hai de tembrare a terra
e abaneárselle as tetas.*

Padriño:

*Eu non che conto mentira
que xa verás dinspóis
pra targuela de Carballo
cansóu unha xunta de bois.*

Manoel:

*Pois traguela pra qui fora
pola nai que vos pariu
e buscarnos un cuberto
sinon morremos co frío.*

Padriño:

*Aquí tedes o cuberto
tan limpo como o marfil
e pra que vexades ben
aquí tedes un candil.*

Manoel:

*Viva o noivo e a noiva
o cura que os casóu
a madriña e o padriño
e a nai que os criou.*

*Imos vestire os noivos
que é xente mui honrada
porque si queda así
sería unha trapallada.*

*Os zapatos son de charol
e as medias de lanilla
a braga e camisa
adornadas de puntilla.*

*A fajera e sostén
foron feitos en Camariñas
polas millores palilleixas
que hai hastra Baiñas.*

O vestido e os panos
esto non é unha broma
é do millor material
que había en Barcelona.

Os pendentos e collar
éche cousa mui segura,
son grandes e ben feitos
do millor ouro de Cuba.

Ainda falta a mantilla
e mirade qué ben lle queda
veu de encarga de Madri
éche de raso e de seda.

Deixamos esta noiva
voulle dar o paraben
que xa queda ben vestida
que do demo mal che ten.

O traxe é de lan
o sombreiro de castore
os zapatos de box-calf
non os había millores.

A corbata é de seda
a camisa de piqué
e os calcetíns dos pes
son de coor do café.

Camiseta e calzoncillo
custaron un capital
pois viñeron de encarga
do centro de Portugal.

O reló e a cadea
eche todo de prata
regalóullos un amigo
por mandarlle unha contrata.

Os anelos e monedas
de ouro marelo son,
pois deixóullos de recordo
o defunto seu abó.

A regueifa xa se acaba
youvos dare o paraben
boas noites compañeiros.
Requiem eternam amén.

Anécdotas da regueifa

Contábame miña nai que na parroquia de Logrosa (Negreira), había un regueifeiro que se chamaba Dionisio Fraga.

Unha noite fora cantare a regueifa a parroquia de Agrón (Ames). Fora soio, e cando chegou o intre de repartire a regueifa, o gañador preguntou cántos eran de tal e cal parroquia, e así iba repartindo anacos de pan según o número de homes.

Ó remate o gañador preguntou:

—¿Cantos sodes de Logrosa?

—Somos tres.

—¿E, quén sodes?

—Fraga, Dionisio e más eu.

Esta outra aconteceu na parroquia de Cabanas (Val do Dubra):

Casárase unha moza cun mozo de Lañas, cando sentados á mesa, aló pola tardiña, escomenzaron a chegare mozos á porta pra cantaren a regueifa, e como non a tiñan saíu á fenestra a nai da moza casada e dirixíndose ós mozos, díxolles:

*Ide daí mozos,
que vides trafucados;
hoxe non hai boda nin regueifa,
que vai o cura nos baños.*

Como era vergonza o non ter regueifa, a persoa que me dóu esta información pídeume que non dira nomes da familia.

I eu así o fago.

Contos
verdadeiros

O «Morenillo»

Unha mañán mui cedo do mes de San Xoán atopábame eu pillando troitas no río Anllóns.

Lémbrome ben que escomencéi na presa do muiño da cepeira con tan boa fortuna que no primeiro arrebolado da miña culler pilléi unha troita, din dous pasos pra diante e volvo pillar outra, e outra... e cando levaba unhas cantas dentro do cesto din volta pra baixo pra escomenzar de novo a carón da presa.

Foi cando vín na porta do muiño un homiño que moito ollaba pra min; pouco a pouco foise achegando e con cara de pasmo díxome:

—Bós días.

A miña resposta foi: Bós días.

—E logo, ¿parés que se madruga?

—Pois sí, señor, repuxen.

—E inda que é moita a pregunta... Vostede ¿de onde é, ho?

—Son da Cruña.

—E vostede en ves de botarlle miñocas ás troitas bótalle ferro.

—Sí señor.

—Mire, ¿e cánto lle costa ese ferriño?

—Unha peseta e dous réas.

—Parés cousa do demo, ¿e a canaveira?

—A canaveira amañéina eu.

—E o fío, ¿cánto custa?

—Un peso.

—Hai cousas, coño, que non se entenden, cun ferriño de seis réas e un fío dun peso que se pillen tantas troitas.

Mire unha cousa, ho, que xa me esquencia, ¿cánto lle custou o «morenillo»? (refe-ríndose ó carrete).

—Mil pesetas.

—¡Ai! qué carallo, oh, ¡xa a min mo parecía!

Dou unha reviravolta, botou o saco da fariña ó lombo, e alá se fói o bon do vello.

(Aconteceu en Carballo - A Cruña)

«O Palmeritas»

Puxéranlle de alcume «O Palmeritas», porque estivera doce anos en Cuba. A súa fala era unha mestura de galego-castelán, e tamén algunha verba polo medio das que adeprendera en Cuba. Eu non séi como él se arranxaba; en todo canto se discutía, alí estaba metido «O Palmeritas».

Unha noite, na taberna do Paco de Claudio, armóuse unha discusión sobor a ponte do pobo. Uns decían que si a ponte era romá, e outros que do século tal e cal; aquilo non o entendía nin o mesmo demo.

Foi neste cando de súpeto «O Palmeritas» fixo calar a todos.

—Estades trafucados: la ponte es metá jodo y metá romana.

O Paco de Claudio, que non llas cocía o corpo, díxolle:

—Ti cala, que sempre andas metendo o zoco en todo, e non sabes nada de nada. Antonte tamén dixeches que a igrexa de Cereixo era do século dazasete, e cagáchela.

—La cajé y sostengo la cajada.

(Aconteceu na Ponte do Porto - Camariñas)

A Catuxa, que tiña o home na América

—¡Manolo! vai buscar o leite —díxome miña nai.

Pilléi a canada, e, coma de costume, alá me fún a casa da Catuxa. Entréi na cociña, e atopéina remexendo no pote das papas.

—Tés que agardar un anaco, que está a Carmela muxindo nas vacas.

Sentéime na lousa da lareira, e vin como o gato da Catuxa, que é mui agarimoso, non paraba de pasarlle por debaixo das pernas. Levantaba o aranguelo do lombo, i estericaba o rabo. Entraba por un lado e saía polo outro.

A Catuxa quedóu mirando pró gato... e dixo:

—Bueno... ¡algo é algo!

(Aconteceu en Logrosa. Negreira)

O «Chin-Chin»

Paco de Claudio dixéralle ó Moreno de Merexo que cando lle parira a cadela lle gardara un canciño.

Dalí a seis meses o Moreno mandoulle recado que fora por él.

Paco chamóu a Baldomero, de mal nome «Chin-Chin», pra que fora buscare o canciño. O Baldomero toda a súa vida adicóuse ós mandados, e por cada un que facía cobraba un peso. Pro o que non podía ouvire era que lle chamaran «Chin-Chin»: poñían-selle os pelos de espeto.

Un domingo de feira, mentras Paco de Claudio atendía á súa taberna, alá se foi Baldomero a Merexo, en procura do cadelo. E á volta Paco preguntoulle:

—E, ¿cánto che debo, Baldomero?

—Dous pesos.

—De qué, ché; ¿e non é un peso?

—Un peso é unha carta, ou un paquetiño; pro tiven que andare moito co canciño no colo.

—Boeno; si me cobras un peso, póñolle de nome ó can «Capitán; e si me cobras dous, «Chin-Chin».

—Tí dame os dous pesos, que eu teño un gato na casa e vóulle poñer «Paco de Claudio».

(Aconteceu na Ponte do Porto - Camariñas)

Catro mil pombos

Pepiño era un rapazolo mui pándigo. Tan pándigo era que hastra a min me chama- ba Don Manolo. Eu non séi onde raio él sacóu o de Don Manolo; a non sere que os rapaces das aldeas son mui educados, e sospeito que o faría pola boa crianza que levóu.

Nunha aldea mui preto do Castelo de Narla, vivía o Pepiño cos seus pais e abós. Tiñan unha taberna e nela era onde eu facía as miñas comelladas cando iba pillar troi- tas ou matar nas perdices. Carne de porco ben curada, chourizos caseiros, patacas de estercó, grelos, boas tortillas e outras cousas máis.

A nai do Pepiño sempre nos traguía pra dimpóis de xantare queixo feito por ela, dese que lle chaman de Friol, que por certo é do máis sabedeiro que eu teño comido. E logo café feito no pucheiro coas suas pinguiñas de boa caña.

Un día atopábamonos dous amigos e máis eu xantando dimpois de vire cansos e mo- llados, como pitos, pois fóramos as perdices a «Pedra da loba», e pillaranos a auga no camiño. No intre que tiñamos o café posto na mesa sentín un troupeletrou de zocos: era o Pepiño, que viña acanelando cabo de nós. Entróu na cociña, a berrar:

—Don Manolo, don Manolo: colla a escopeta, que no noso agro da igrexa hai máis de catro mil pombos pousados.

Eu sorrindo, olléi pra él e díxenlle:

—¡E tí contáchelos ben, ho!

E o Pepiño repúxome:

—Mire, catro mil non os haberá: ¡pro quince ou vinte, hainos!

(Aconteceu en Xía - Friol - Lugo)

A «piriquiña» da «Carriza»

Don Nicanore era un home moi rico. Vivía aló en Santiago coa súa familia, e na nosa aldea tiña un caseiro enorme e uns bens de moita labranza.

Trouxera daló da parte da Estrada uns caseiros pra que lle atenderan o caseiro e máis os bens.

Os caseiros eran un matrimonio sin fillos. A muller era pequecha e aguda coma a fame. Na nosa aldea ninguén fuxe sin que lle poñan o seu alcume; e sin sabere quen, nin quen non, puxéronlle a «Carriza».

Xa é sabido que os carrizos son paxariños pequechos e lixeiros, e a xente matina moito; daí saíu o alcume da Carriza.

O home da Carriza tiña un ollo chosco, e ó pouco tempo xa toda a aldea chamábase lle o «Revirado».

De alí a cinco anos de estaren traballando os bens de Don Nicanore, e cando todo semellaba contento nos caseiros, a xente escomenzou a decire que o «Revirado» tiña amoríos aló pola parte de Santa Comba. Pro debéu de sere verdá porque él fuxiu e nunca máis tornou pra nosa aldea nin pró lado da súa muller.

A probe da Carriza, ó verse soia, non poido atendere os bens de Don Nicanore. Don Nicanore precurou buscare outros caseiros, e á Carriza dóulle unha casucha e unha vaca nova que xa iba preñada. Ela adicouse ó xornal nas casas dos labregos máis fortes da parroquia.

Foi pasando o tempo, e ó cabo dos cinco anos, xa tiña uns aforros, dos becerros que a vaca parira, e tamén dos xornales. Mercou uns ferrados de terra labradía e un herbal. Da noite pra mañán a Carriza xa tiña tres vacas e unha ovella. A ovella chamábase «Piriquiña». O animal deu en andare saída, e parés que cada día lembrábase máis do carneiro. Unha noite foi tanto o que berrou, que nós non poidemos pechare ollo en toda a noite. A probe da «Piriquiña» quería carneiro.

De mañán mui cedo erguéuse a Carriza e foi cabo da ovella; e díxolle:

—Cala «Piriquiña», cala: que fai dez anos que durmo sola, e aínda non berréi.

(Aconteceu en Logrosa - Negreira - A Cruña)

Ofrecemento a Santa Mariña

Din que a sorte axuda; pro Manoel de Lourenzo pouco lle ten que agradecer.

Ós poucos anos de casare con Carmela do Bubelo, a probe enfermou e tivo que estare sete anos na cama tolleita, sin podere valerse por si soia.

Dionisia e Carmeliña, fillas de Manoel e Carmela, pouco lle podían axudar, pois eran mui pequechas.

Dimpóis de que Carmela estiricou a perna, o Manoel traballaba día e noite pra criare as dúas fillas e desempeñare os cartos que pedira prestados prá enfermédá da Carmela.

As rapazas foron facéndose mozas e non sairon moi traballadoras que digamos. Dionisia fíxose costureira e Carmela gobernaba a casa. Pro tanto unha como a outra o traballo non se lle apegaba, e menos o da labranza.

As festas non faltaban, cantas romarías había na redonda alí se atopaban as dúas. Mozos tiñan dabondo.

Manoel criara unha becerra da vaca bermella. O animal xa andivera ó boi catro ou cinco veces, pro nunca empreñaba.

Foi cando determiñou ofrecere a Santa Mariña a corda da vaca e dúas ducias de foguetes de palenque. Xa é sabido que a Santa é moi abogosa prós animáis.

Como as desgracias nunca veñen solas, nin sabere de quen nin de quen non, Dionisia e Carmeliña apareceron co bandullo pra diante.

Os veciños decían que os foguetes... fixeran efeuto.

(Aconteceu na Ponte do Porto - Camariñas)

Contos
populares



Don Robustiano e Manoliño

Atopábase Don Robustiano, o noso cura, na porta da Casa Reitoral.
Nese intre pasaba Manoliño, coa vaca á corda, e Don Robustiano, que sempre foi moi vixueiro, berróulle:

—¡Ou Manoliño!, ¿e pra ónde vas?

—Vou coa vaca pró boi.

—¿! esa laboura non a podía faguere o teu pai, ho?

—Non, señore: ten que sere o boi. ¡Ei vaca pra diante!

(Recollido na Baña - A Cruña)



Xan do Recho e o Laberco

Eu na miña vida vin dúas persoas que se levaran tan mal como Xan do Recho e máis o Laberco. Decote andaban rifando, í eso que vivían porta con porta.

Xa tiveran dous preitos: ún pola auga do regadío, e o outro por un carballo.

O máis fermoso do caso foi que o carballo non era de ningún. O carballo nacera entre a leira dún e máis a do outro; pro como estaba metido no camiño do río resultóu sere do Estado.

Entre abogados, escribentes, viaxes a cidade e outras cousas quedaron polas portas.

Un día saía da casa o Recho coa cabra á corda, e o Laberco, que estaba na porta, díxolle:

—¿Onde vas con ese castrón?

—¿E logo tí non ves que é unha cabra?

—Non estou a falar contigo; estou falando coa cabra.

Xa se armóu.

(Recollido na Arzua)



A festa do San Bieito

Pro outro día da festa de San Bieito, perguntoulle Maripepa do Bardancas a Carmeliña:

—E logo Carmeliña, ¿que tal de festa onte?

—Moi ben: cansámonos de bailare, cantamos, comimos canto quixemos, bebimos o que nos deu a gana. ¡Como non quedemos en estado...!

(Recollido en Marín - Pontevedra)



A filla de Xusto

María, a filla de Xusto, viñera a servire prá casa duns señores mui ricos da Cruña. Os señores tiñan o costume de que as criadas lles levaran o almorzo á cama.


O pirmeiro día que María llo levóu, entróu no coarto dos señores sen pedire permiso; entón a señora díxolle:

—María, cuando entre en nuestra habitación, pida usted siempre permiso, pues pudiera darse el caso que el señorito y yo estuviéramos haciendo algo que usted no pudiera ver.

O día seguinte, a María volvéu a entrar no coarto sin pedire permiso. A señorita volvéulle a decir o mesmo do día antes. Foi nesto cando a María, toda encabuxada, di-xo:

Mire, señorita: eu ben séi o que teño que facer, porque antes de entrare olléi polo cerrollo da porta, e vín que vostedes non estaban facendo nada.

(Recollido na Cruña)



O estudante alemán

Un alemán veu á nosa terra pra ampriar estudos. Dimpóis de estare en Lugo catro días sacándolle retratos ás murallas, dun xeito e doutro, marchóuse prá Cruña.

Na Comisaría da Policía tiña que arranxar uns papeliños. O comisario que o atendeu, era de Ourense, i entón escomenzaron as perguntas:

—Bueno, dígame o seu nome.

—Mi llamagme Rudolf Muller.

—¿Cantos anos ten?

—Mi teneg vinte y uno años

—¿Casado ou solteiro?

—Soltego.

—¿Nacionalidá?

—Alemán de Alemania.

—Home, si é alemán terá que ser de Alemania.

—No, no, usteg pongeg en papel alemán de Alemania.

—Pois eu esto non o entendo, xa vostede me dirá como se esprica todo esto.

—Oh, sí, sí, mi estag en Lugo y algunos llamagme «alemán do cagallo».

(Recollido na Cruña)



O Formigo

O Formigo vivía na Cruña, no barrio do Monte Alto, e traballaba en Monelos nunha fábrica de fariña de peixe.

Un día dimpóis de xantar, alá se fói pró seu traballo. Pillóu o tranvía número cinco en San Amaro.

A xente iba tan apertugada que mesmamente semellaban unha caixa de aranques. Ó chegare á parada de San Andrés, subíu unha señorita ó tranvía. A muller arrecendía que daba gloria.

O Formigo, que iba apegado a ela, escramóu:

—¡Coño: esto sí que é un olido bon!

A señorita, toda garbosa, contestóulle:

—Caballero, es perfume francés, de lo más caro.


O tranvía siguéu, e chegando ó Camiño Novo, o Formigo sintéu un retorto de tripas e a consecuencia ceibóu uns gases pola parte traseira. O cheirume era tanto que a señorita, co pano da man posto no naris, dixo:

—¡Ay!, ¡qué olor tan asqueroso!

Entón saíu o Formigo:

—Señorita, é fabada asturiana, con chourizo caseiro do mellor.

(Recollido na Cruña)



Parare

Palmira de Xusto mercara un choche mui fermoso, e como non tiña o permiso pra o guiar, dispuxo ire á Cruña pra sacalo.

O inxeniero que a estaba ensaminando amostroulle un papel con un redondel que decía: «prohibido el paso de bicicletas».

Entón foi cando o señor inxeniero preguntóulle:

—Señora, si usted va en su coche y encuentra este disco, ¿qué hace?

—Parare.

—No, señora.

—¿E logo vostede qué quere?, ¿que eu meta o meu cochiño novo por donde non poden pasar as bicicletas, pra raialo todo?

(Recollido na Ponte do Porto - Camariñas)



O Farulas

Os pais do Farulas eran uns labregos podentes, traballadores coma formigas, decote bule que bule.

Ó fillo non lle faltaba de nada: bons traxes, bons zapatos e a andorga ben chea. Home máis perguiceiro non había na bisbarra. Xa o refrán o dí: «pais traballadores, fillos perguiceiros».

Mandárono a Santiago, pra que estudase, e por larchán non tardóu en voltare pra aldea. Dimpóis alá se foi pra Barcelona, decindo que iba traballare, e cando acabou os forricellos que levaba no peto, voltóu pra casa. Na derradeira fuxiu pra Bós Aires.

Aínda non levaba un ano, xa veu de volta, falando como os arxentinos. Atopaba un amigo no camiño, e decíalle:

—Y vos, ¿pra onde vais, che?

E así cousas polo estilo.

O día do Carmen, alá se foi todo pincho á romería. Achegouse a unha rapaza e deste xeito díxolle:

—Pebeta, ¿vos querés bailar con nós?

A rapaza miróu en rededore, e con moita aquela preguntóulle:

—E logo vós, ¿cántos sodes?

(Recollido en Negreira)



O café a remollo

Os fillos do Rulo, Aduardo e Toniño, fuxiran pra Suiza. Dimpóis de levaren traballando quince anos naquel país, viñeron de volta prá aldea.

Dos aforros que trouxeron amañaron unha cafetería na carreteira de Melide a Santiago. Mostradore de mármore, as paredes cheas de monecos moi pándigos, luceciñas de moitos córes, os sillóns de coiro, un televexo, unha máquina que lle votaban un peso por unha rendixiña i escomenzaba a cantare facendo un estroncio que enxordexaba, e outras cousas máis.

O establecemento era o máis campante de toda a redonda.

Unha mañá moi cedo, o vello Gallolo foi tornar a iauga ó herbal da xunqueira, e á volta entróu na cafetería dos fillos do Rulo.

—A ver, Aduardo, cébame un cafeiño.

—E, ¿cómo o quere?

—Con leite, e bótalle unhas pinguiñas; xa mañá cho pagaréi, que hoxe levo o peto valdeiro.

Dalí a uns días, e facéndose o esquencido, volvéu o Gallolo á cafetería, pidindo café.

O Aduardo, con moita aquela, díxolle:

—Señor Gallolo, aínda ten eiquí un arremollo do outro día.

—Pois entón, daquela, quéntamo, ho.

(Recollido en Melide)



O Tirabeque

O Tirabeque nacera nunha aldea da parroquia da Laracha. Sendo pequeno trouxéao a súa nai á Cruña pra mercarlle un traxe e uns zapatos pró día da festa.

Dimpóis de fagueren a compra a sua nai levóuno a dare unha volta pola cidãde. Ensinóulle o Castelo de San Antón, o porto, a Torre, e moitas cousas que ó rapaz gostáronlle. Pro a que máis lle chamóu atención foron os soldados faguendo a instrución no Campo da Rata.

A leución deprendéuna tan ben que cando chegou a aldea arrecadou ós rapaces do tempo dél. Cangóulle unha pola de pino a cada ún, e, con ela ao lombo, veña de «uno, dos... uno, dos», media volta, prá dereita, agora pra esquerda, descanso. E así un día e outro.

O Tirabeque foi medrando, e cando tiña dazasete anos díxolle ós pais que él nunca máis traballaría de labrego; que quería sere militare.

O pouco tempo xa estaba voluntario no cuartel de Sabela a Católica da Cruña. Foron pasando os anos, e cando levaba vinte de milicia aínda non saíra de cabo. Cando lle daban permiso no cuartel adoitaba ire á súa aldea. Os veciños decíanlle que deixara a vida de militare; que os seus pais iban sendo vellos, e non tiñan quen lles traballara as terras. Pro él decote decía que non deixaba a sua carreira de militare.

Un ano, polas festas da M.^a Pita, trouxeran un «Desfile de Estrelas» ao Teatro Rosalía Castro, de moito renome.

O Tirabeque tratou de ire o esputáculo. Foi cando se acercóu ó furoco da parede onde venden as entradas, e a señorita que se atopaba pola parte da dentro adiantóuse-lle decíndo:

—General, ¿no?

—¡Co tempo, co tempo!

(Recollido na Cruña)



J. Fonte

O Mingucho tamén era mestre

O Mingucho era deses rapaces da aldea ós que non se lles fuxía unha. Listo coma mesma fame, sempre estaba maxinando.

Unha das cousas que moito lle gustaba era axudarlle ó seu pai no trafego das abellas, pois tiñan moitos inxamios metidos en cortizos.

No tempo de sacar o mel había que vere o xeito que lle daba o Mingucho ó labore. Houbo quen dixo que o facía millor que o seu pai.

Os veciños da aldea decían que si seguía así chegaría a menistro.

Un pintor de Lugo adoitaba ire á aldea do Mingucho a pintare paisaxes. Un día estaba pintando a ponte que lle chaman a «romana».

O rapaz fóise acercando, e quedóu mirando pró cadro:

—¿E ti qué miras? —díxolle o pintor das barbas longas.

—Mestre mira mestre.

—E logo ti, ¿qué é o que fas?

—Pois o meu pai fai cortizos, i eu embosteo.

(Recollido en Nogales. Lugo)



A Pataqueira e a Madalena

Concha, a Pataqueira, era tan xorda que decote había que falarlle a berros pra que ouvira a ún. E a Madalena era a muller máis vixueira e preguntona de toda a parroquia. O gosto dela era saber a vida de tódolos veciños.

Un luns, estaba a Pataqueira rozando unhas varas de salgueiro na Braña das pozas. A Madalena fóiselle achegando pra sabere o que mercara ou vendera na feira do día anteriore.

—E logo, Concha, ¿fuches onte a feira?

—Son pra un cesto, e as máis gordas pra un canizo.

—Non muller, non; pergúntoche si onte fuches á feira.

—A miña cabra paze no alcacén que da gosto.

—¡Que si fuches onte á feira!

—O meu Manolo góstanlle moito as patacas fritas.

...Na miña aldea din: Ó que tanto quere saber, dáselo o cú a lamber.

(Recollido en Logrosa - Negreira)



Doña Teresita

Eu non sei si esto foi verdá ou foi mentira; a mín contóumoo Pepe do Cuco. E así como mo contóu, así o conto. Si foi mentira, o Pepe é un mintreiro, e si foi verdá, é un verdadeiro.

Da nosa aldea ó apeadeiro do tren por camiño do carro e corredeira hai polo menos dúas legoas.

Doña Teresita, a nosa mestra da escola, adoitaba vire no tren todos os luns e fuxía os sábados.

Na casa do Cuco tiñan burro, e o Pepe era o encargado de traguere e levare a Doña Teresita ó tren.

Un día de moita calore, alá se fói o Pepe á estación en procura de Doña Teresita. A señorita viña montada no burro; tan campante que mesmamente semellaba un rato enriba dun queixo. Cando chegaron á corredeira do fondo prendéuselle unha silva no vestido e ¡cataplún!, alá se foi a mestra pernas enriba, quedando ó recacho, que polo visto non levaba roupa miuda posta. O Pepe ficóu ollando pra ela. A señorita de súpeto dóu un brinco e quedóu de pé. E dixo:

—Pepito: ¿has visto mi destreza?

—Vín, si Señorita; pro eu coidéi que non se chamaba así.

(Recollido en Agrón - Ames - A Cruña)



A Jota

Sobor deste canto e baile se escribiu moito, e pra todos os gustos. Dimpóis de ler autores, investigadores e musicólogos, non podemos decir con certeza de onde é o seu orixen. Hai quen dixo que a Jota inventouna Aben-Jot cando fora desterrado de Valencia pra Aragón. Díxose tamén que o seu orixen foi andaluz, e non faltou quen dixera que é árabe.

No libro «Folklore y costumbres de España», na páxina 158 do segundo tomo, atopo o seguinte:

«López Chávarri, en Música popular española, «Labor», pág. 108 y siguientes, escribe: En Aragón principalmente, pero también por tierras vascas y Navarra (aquí con curiosas inflexiones en modo menor), en parte de Castilla, en Valencia, tiene singular vida la Jota... No es posible determinar el origen de este baile... Seguramente la Jota debió de tomar carta de naturaleza en Aragón y extenderse por España a raíz de la guerra de la Independencia».

Non quero meterme en fonduras e deixo esta cras de laboura pra xentes de moito máis sabere que eu. Somentes percuró dar a miña modesta opinión: Paréceme que A Jota é moi aragonesa.

Ó través dos anos fóise espallando a outras rexións, entre elas a nosa Galicia. Cada rexión fóille dando o seu carácter, e nos démoslle un xeito semellante ó de Aragón.

O que non pode negarse é que a Jota na nosa terra fíxose moi popular. Lémbrome que se bailaba en fiadas, foliadas, á saída da airexa os días de festa, romerías, etc. No que difere a nosa da aragonesa é:


—Que a nosa tócase con gaita, e a outra con guitarras, bandurrias e tamén se canta.

—Que eles báilana moito máis alta e brava que nós. Os brazos das nosas mozas e mozos van altos e á mesma altura, e os aragoneses xogan con ún ao carón da testa e outro baixo. Tamén levan os pes moito máis en punta. Nembargantes os pasiños e os puntos son, polo xeral, os mesmos. Podese bailar por unha soia parexa ou en conxunto.

Agora podemos ver unha partitura dunha das jotas galegas, coa súa estrutura e melodía.

'Jota vella' excitada e grabada en discos por C. Corral

The image shows a handwritten musical score for a piece titled "Jota vella". The title is written in a cursive script at the top, followed by the subtitle "excitada e grabada en discos por C. Corral". The music is written on seven staves. The first staff begins with a treble clef, a key signature of one sharp (F#), and a 3/4 time signature. The notation includes various rhythmic values, slurs, and dynamic markings. There are two first endings marked "1a" and "2a" in the second staff. The word "Copia" is written above the fourth staff. The piece concludes with a double bar line and a final cadence, with the initials "C.C." written below the staff.



Pandeirada

O cerrado da noite dun domingo ou un día de festa de garda van chegando a eira mozos e mozas e o son de pandeiros e pandeiras escomenza o baile. Polo xeral, as encargadas de tocar son as mulleres; namentras unhas cantan as outras bailan, non deixan de remudarse e as que antes tocaban bailan agora. Tamén hai parrafeos, contos, e non deixa de ceibarse algún aturuxo. Nesta cras de reunións se bailaban pandeiradas, maneos, etc.

O que hai que aclarar dunha vez pra sempre, pra que non nos trafunquemos, é que pandeirada provén de pandeiro ou pandeira. Estes instrumentos de percusión son muy antigos en Galicia. E logo aparece a pandereta. Hoxe a maioría das pandeiradas tócanse con ela.

Unha das pandeiradas de mais esencia e das máis antigas que teño ouvido é a pandeirada de Mens (Malpica); esta pandeirada aínda se canta hoxe por sete mulleres de aquela parroquia.

O seu canto e o seu baile está recolleito por un grupo folklórico.

Veleiquí algunhas das suas letras e máis a partitura:

PANDEIRADA DE MENS

A-SÍ AS QUE-RE MEU PE - DRO
PE - QUE - NI - ÑAS E BEN FEI-TAS, A-SÍ AS QUE-RE MEU
PE-DRO, NIN PE - QUE-NI - ÑAS DE UAIS. NIN GRAN-DES QUE ME-TAN ME - DO ~

Pandeirada de Mens (Malpica)

Recollido polo autor no ano 1974.

*Pequeniñas e ben feitas
asi as quere meu Pedro;
nin pequeniñas de mais,
nin grandes que metan medo.*



*Tes o corpiño ben feito
asomellas a tua nai
no lugariño de Asalo
outro como o teu non hai.*

*De onde son esas mociñas,
que arceden a ourego?
Do lugariño de Mens
de xunto a casa do crego.*


*O lugariño de Asalo,
cerreino cunha cancela;
pésame por unha nena
que se quedou dentro dela.*

*Esta casa sí que é casa,
ésta sí que son paredes,
eiquí está o ouro e a prata
i está a frol das mulleres.*


PANDEIRO - CATRO MANS



PANDEIRO



PANDEIRA



PANDEIRETA

Maneo de Lañas

Foi recolleito polo autor no ano 1940,
na aldea de Villar da Torre (Lañas - A Baña).

MANEO DE LAÑAS

The musical score is written on six staves. The first five staves contain the main melody with lyrics in Galician. The sixth staff contains vocalizations. The lyrics are: AS MO-CI-ÑAS DE CA-BA-NAS TO- DAS XUN-TAS NUN COR-DON UN-HAS CAN TAN I-OU TRAS BAI-LAN I-OU TRAS MI-DAN Ô CAS-TRON. The vocalizations are: AI LA LA, AI LA LA LA LA, AI LA LA, LA, AI LA LA LA, LA LA LA.

*As mociñas de Cabanas
todas xuntas nun cordón,
unhas cantan i-outas bailan,
i-outas andan ô castrón.*

*A sardiña cabezada,
ten o sangue na cabeza;
as mociñas de Cabanas,
rabeaan pola riqueza.*

*Este pandeiro que toco,
eche de coiro de can;
cando o toco en Lañas,
resoa en San Román.*

*Adiós Carmela e Pepa,
adiós Ricardo e Xurxo;
dígovos adiós pra sempre
con este meu aturuxo.*



O fandango

Esta danza levaba o mesmo camiño que outras moitas que hoxe están no esquecemento. Despois de moito buscar pra coñecelo o máis posíbel, atopéi o veciño de Muros, Don Olegario García Malvárez. El foi quen me ensinou o xeito que había que darlle ó fandango. Tiven a sorte de que este home aínda non o tiña esquecido. Tamén teño que agradecerlle ó mestre Roxelio do Leonardo por esa música que él axeitou pra eu poder montar o fandango que leva por título «Fandango Muradán», que tantos éisitos está tendo en tódolos lugares en que é danzado.

Non é a primeira vez que teño ouvido, e incluso leido, que o fandango non o había en Galicia. Podía ser que esto se deba a que moitas veces se baila un fandango con música dunha jota lenta. O que temos que sabere é que o fandango ten a súa música propia. Máis adiante veremos unhas partituras, unha delas é do «Cancioneiro de Casto Sampedro». Proba délo é que tamén hai moitos cantos populares que mencionan o Fandango.

*Eu teño un canciño
que veu da marola
e baila o fandango
cunha perna soia.*

*Eu teño un canciño
mui bo abofé,
que baila o fandango
na punta do pe.*

Non poño en dúbida que o fandango poidera ser unha danza de importación, que nos anos derradeiros fixose popular na nosa terra.

Por falla de documentación non podo decir con certeza de onde é o seu orixen, aínda que teño leido que porvén dos indios filipinos. Tamén se escribiu que foi coñecido no século XVII.

Xoan Manuel Pintos Villar, home de moita importancia histórica, nado en Pontevedra o 16 de Nadal do ano 1811, en «Versos de foliada» escribe entre outras cousas:

*«Vou tocar coa miña gaitiña,
vou tocar un fandango mui bo,
vou tocar a muñeira das festas,
vou facer foliada de Dios.*

*Diz que aprendeu unha múseca nova,
diz que é un cielo oilo tocar,
dalle mil voltas o bo do fandango
e coa muñeira pra tolear».*

Si é un ceo ouvir ó gaiteiro tocar un fandango, non é menos velo bailar. Podo decir que de tódalas danzas o fandango é o máis señorial e ó mesmo tempo o máis picaresco.

Fandango de Redondela

Música do Camabeiro de Casto Sampedro

Arxentino e grabado en disco por E. Corral

Fandango muradân. Gaita
por Rogelio de Leonardo Souza.

= Códicillo, a meu amigo Cajaville =
o Autor

Coro.

1º vez. 2º vez.

Estrofa

fin.

A la

R/S

"O' Fachendoso"

Fandango galego por Emilio Cornel (Grabado en disco)

Moderato

1ª vez 2ª vez 3ª vez 4ª vez

Fin Copia o punto

1ª vez 2ª vez a la

"ahi veñen, ahi van"

Fandango da veicamar
Música popular, ac. tado e grabado por E. Cornel

Fin

Copia

a la

A muiñeira

De toda a riqueza que dos nosos bailes e danzas pódese decir que a de máis persoalidade, e tamén a que máis carácter lle dá ó pobo galego, é, sin dúbida, a muiñeira.

¿Nacería no muiño ó son do troupeletróu da tarabela? ¿Será un baile celta co que eles festexaban as súas victorias? Fora o que fora, ela sigue manténdose en pé, viva e brillante enchendo de gozo o noso espírito, e fainos ferver o sangue cando ouvimos o seu repiniqueo.

A muiñeira temos que alomiñala e coidala por ser filla da nosa Terra; somentes da Terra nosa.

Por mor si algún día morría, cousa que poño en dúbida, tivo o acerto de parir, pra deixar en herdo, esas fillas chamadas Ribeirana, Carballea, Redonda, Barcalesa...

Dos anos derradeiros ós nosos días, a Muñeira foi gañando na coreografía e tamén en vistosidade; pro perdéu moita esencia. Posibelmente débese a que moitos grupos folklóricos buscan a espectacularidade sin lles importar o resto. Coido que é falta de que os mestres se documenten un pouco máis do xeito que hai que darlle á raiña dos nosos bailes.

Que ninguén pense que estou facendo este pequeno traballo pra criticar ós ditos grupos; é ben certo que o fago pra construír, nunca pra destruír. Os grupos folklóricos bastante fan, coñezo ben de perto os seus sacrificios e os seus problemas; pro unhas cousas non teñen que ver coas outras. Xa dí o refrán:

—As cousas ben feitas, ben parecen.

Do meu pouco saber vou percurar describir unha muiñeira, que despóis leredes a recoñecidos escritores, que pra min quixera seu saber.

Bailábase no turreiro os días de foliada, nos casamentos cando había regueifa, nas fiadas, etc.

As muiñeiras millor bailadas que eu teño visto, eran aquelas dos días de festa á saída das misas cantadas; alí falaban e bailaban os millores danzantes.

A xente que os estaba ollando prestáballes moita atención pra logo, a hora de xantar, faguer os seus comentarios. Das parroquias cercáns acudían mozos e mozas pra bailar e ver quén o facía mellor, e tamén pra locir a vestimenta. Era unha competencia entre eles.

Imaxinemos que estabamos a festexar o día de San Outelo, primeiro domingo do mes de Santiago.

Ó abreinte do día xa se ouvían os estronicios dos foguetes que facían espertar toda a xente da parroquia. Non faltaban as alboradas polas bandas de música e gaiteiros. Xa de moi cedo había misa rezada pra aquela xente que tiña que acomodar o gando, gobernar a casa, e facer o xantar prós festeiros.

Alá pola unha da tarde escomenzaba a misa cantada; xeralmente mozos e mozas da parroquia eran os cantores. Ó remate da misa saía a procesión con repiniques de campás. Entón escomenzaba o fogueteiro a ceibar os foguetes ó ar. Os rapaces adiver-tíanse alancando entre o millo, trigo ou centeo, o que cadrase; o que interesaba eran as canabeiras dos foguetes.

Agora escomenzaba o baila ó carón do adro. Un dos millores bailaríns acodía na percura da moza que desexaba. Saían os dous dando unha volta en redondel, él detrás dela —mesmamente parecía o galo detrás da galiña—. De súpeto, él erguía os brazos e sacaba un punto; ela, mainiñamente e coa vista posta nos pes dél, seguía. O xeito e a esencia das mulleres na muñeira está na gracia que lle van dando ó corpo ó compás da música.

Hoxe estamos vendo muñeiras que eu diría máis ben parecen un «galop», sin se saber quén é él nin quén é ela.

Coido que agora non caerá mal esta copla popular que o dí todo:

*A moza que é bailadora,
a moza que baila ben,
canto máis baixiño mira,
cantos máis amores ten.*

Vexamos o que dixo da muñeira a escritora Pardo Bazán:

«Es una danza virgiliana; más que tradicional atávica; de orígenes misteriosos como los de las danzas guerreras de Escocia, y la giraldilla asturiana. Baile —añade la conocida escritora— «de salvaje energía, atrevido e impetuoso en el varón, deliciosamente tímido y púdico en la mujer; baile que sólo se concibe que tomen parte en él los mozos disponibles para combatir, y las vírgenes de la tribu».

Tamén atopamos en «Danzas Populares Gallegas», de Fernández del Riego, o seguinte: «La muñeira común, aunque se baila por parejas aisladas, se baila sobre todo colectivamente. En este último caso, bajo la dirección de un guía, que sale de entre los mejores bailarines, y que, al efecto, se coloca a la cabeza. Consiste en hacer varios puntos diferentes y caprichosos, que todos los demás repiten, son seguidos de un paseo de rueda, en una misma o contraria dirección y bailando siempre. En algunas figuras se colocan las filas de hombres y las mujeres enfrente; adelantan, retroceden, describen curvas que el guía va trazando. Siguen las mujeres las líneas y vueltas generales; guardan cierta compostura y modestia, que contrastan notablemente con las piruetas, vueltas y saltos de gallo de su respectivo galán».

No libro «Prosas Galegas», de Florentino L. Cuevillas, hay un traballo, «Muñeira». Vexamos unhas verbas: «Lémbrate que na porta do muiño nacéu a muñeira que era un baile asesegado e casto no que as mulleres levaban os ollos baixos, os brazos cáseque caídos aos lados do corpo; e no que os pes pouco se erguían da terra pra marcar os puntos. Non era danza brincadeira e desenvolta, como a ribeirana; máis unha bailadora sempre encontraba xeito pra petar no peito da súa parexa cunha ollada, cunha sorrisa ou con movemento».

Apuntes varios

A vida dun can

*Tres anos de can novo,
tres anos de bon can,
tres anos de can vello,
tres anos de mal can.*

Namentras as vacas pacen

As beiras do río son costentas; a auga baixa a cachóns. Dunha banda pacen as vacas de Hermosinda; e da outra as de Bartolo.

Sintese un berro: ¡Uhh...! (era Bartolo).

Do lado oposto sintese outro: ¡Ehh...! (era Hermosinda).

—¡Ou Hermosinda!, ¿sei que andas as troitas?

—Non; ando ós troitos.

—O troito é o que che facia falla a tí.

—E será, e todo.

—¿E ti loitas, muller?

—Eu loito.

Bartolo cruza o río e xuntase con Hermosinda. Paseniñamente van subindo monte enriba, e non tarda en quedar todo en silencio; somentes ouvese o marmurio da auga do río, e a cantarela dun peifoco.

Dalí a un anaco baixa Bartolo por entre carballos ratoñeiros, cantando:

*Eu non sei que lle fixen;
ela choraba;
Condición de Mulleres;
choran por nada.*

Entre as xestas, e a carón de onde as vacas de Hermosinda pacían, berra ela:

—¡Ou, Bartolo!, ¿e si quedo?, ¿e si quedo, Bartolo?

—¡E si quedas, queda, coño! ¡A min fúxeme o gando có mosqueo!

Refráns

Refráns do raposo

A nosa zooloxía folklórica foi de toda a vida moi rica. Os nosos animais serviron pra contos, lendas, mitoloxías, e refráns. Posibelmente os máis nomeados e os máis populares foran o lobo i o raposo, aínda que todos eles aportaran o seo.

Non queremos deixar de fagure un aparte ó raposo, animal dunha astucia comprobada. A súa intelixencia é tan grande que mesmamente parés que foi él quen fixo os seus refráns dende o seu nacemento hastra a súa madurés, pasando polos seis meses dende marzo hastra agosto.

E si así fora, escoitemos ó mesmo raposo:

«En Marzo nazo.

En Abril estóu no cubil.

En Maio xa saio.

En San Xoán xa fuxo do can.

En Santa Mariña xa pillo a galiña.

En Agosto xa son un bo raposo.»

Refraneiro

A ausencia trai a eskuencia.
A besta e a muller que a preste quen quixer.
A boa obra ó home honra.
A boa ventura pouco dura.
A bo cú, bo peido.
A bonitura acábase na sepultura.
A cabra brava sempre tira ó monte.
A cabra co vicio bate cos cornos no cú.
«A cada ún o seu», dixo o que roubaba.
A can fraco todas son pulgas.
A can vello non hai cus cus.
A comida que se perde por comida, non é perdida.
A corta ou á larga todo se paga.
A dona quere ser rogada, e non obrigada nin forzada.
A donde te queren moito, coida ir pouco.
A galiña ben galeada e a moza ben alumiñada.
A galiña na casa rica sempre pica.
A galiña pare cantando e a muller chorando.
A máis non poder, déitase coa tua muller.
A mintira non ten pes e non para de correr.
A moita fame non hai pan duro.
A muller e a sardiña, canto máis pequena, máis xeitosiña.
A muller que come a manteiga, non ten sorte coa nata.
A necesidá fai ó home cavilar.
A necesidá da miña casa ninguén a pasa.
A necesidá é mestra.
A neve donde hai fogo derrétese logo.
A non ter calquera chega.
A novo rei nova lei.
A pai aforrador, fillo gastador.
A palabra i a pedra solta non teñen volta.
A palabras tolas orellas xordas.
A Pascoa onde quixeres, o antroido coas mulleres.
A pedra e a donicela, de lonxe vela.
A pera dura co tempo madura.
A pufo nada é caro.
A pulga metida no fogo estoupa logo.
A quen lle negaches algo, nada lle pidas.
A quen mal queiras preito lle deas.
A quen moito quere saber, dalle o cú a lamber.
A quen non lle sobre pan, que non críe can.

A quen non sabe remendar non serve pra se casar.
A quen ten sogra cedo se lle morra.
A que pariu que arrole e senón pasar sin home.
A raposa dormida non lle cai nada na barriga.
A San Andrés de Teixido hai que ir de morto ou de vivo.
A sardiña e a muller, pequeniña.
A sardiña e o porco si voaran, moito máis se estimaran.
A tea de araña deixa ó rato, e a mosca apaña.
A terra donde nacín, é a muller pra mín.
A vaca canto máis se muxe, máis grandes ten os tetos.
A vaca da mña veciña da máis leite que a miña.
A verdá fura as paredes.
A verdá non ten pes e anda.
A vergonza no probe, máis probe o volve.
A viuda honrada ten a porta pechada.
A viuda o demo a sacuda.
A viuda rica cun ollo chora e co outro repenica.
Agora que son sogra quero mal a miña nora.
Agora xa foi Marica non chores.
Alábate can, que te caso mañán.
Alegría na casa do probe pouco dura.
Amigo bo vale máis que parente e medio.
Amigo leal faiche compañía no ben e no mal.
Amigo que non empreste fuxe como da peste.
Amigos de taberna, amigos de merda.
Amor como o da nai non o hai.
Amor de nai outro millor non hai.
Amor de sogra, cariños do demo.
Anaco de touciño pide trago de viño.
Andar pra dentro, andar de trenco.
Andar pra fora, andar que namora.
Ande o meu corpo quente e riase a xente.
Animal de pico non fai o dono rico.
Año de ensames, ano de fornadas.
Anque na cama non durma ollo, descansa o oso.
Anque non falemos ben nos queremos.
Anque seas vello non renegues de consello.
Antes de casar débelo pensar.
Antes torto que cego.
Aprende chorando e sairás ganando.
Aprende máis o que cala que o que fala.
Ara ben e fondo e collerás pan dabondo.
Arco da vella ó poñente, solta os bois e vente.
Arrieiros somos e no camiño nos encontramos.
As amizades certas portas abertas.
As boas razóns cautivan os corazóns.
As contas da casa non dan coas da praza.
As moscas sempre van as preas.
As palabras son femias e os feitos son machos.
As que me dan nonas quero i as que quero no mas dan.
As silveiras teñen orellas.
Asegún é o burro, así é a albarda.
Asegún me tocan, así bailo.
Auga de medio día; auga pra todo día.
Auga pasada non moe muiño.
Azótame miña nai e non mo sepa meu pai.
Azoutar e dar no cú todo é ún.

Báguas de muller non se pode crer.
Bailar ben e bailar mal, todo é bailar.
Barbeiro novo pra barba de meu sogro.
Barco sin cuberta, sepultura aberta.
Barre a nora o que ve a sogra.
Bastante sabe quen a tempo calar sabe.
Ben auna o que mal come.
Ben burro é quen ten burro e vai a pé.
Besta de herba, besta de merda.
Besta na corte non gana e come.
Bicos e abrazos non fan nenos.
Boa roupa e boa vida fan a vella garrida.
Boas palabras non manteñen.
Boi morto vaca é.
Bon troitero, nin boa casa nin bo palleiro.
Brétema na montaña, pescadores a cabaña.
Burro lavado, xabrón perdido.
Cada can ladra no seu palleiro.
Cada can lambe o seu carallo.
Cada cousa no seu tempo.
Cada galo no seu galiñeiro.
Cada paxariño atopase ben no seu niño.
Cada paxariño fai o seu niño.
Cada rato ten o seu burato.
Cada roca ten o seu fuso.
Cada sardiña ten a sua espiña.
Cada ún come do que pode.
Cada ún do seu fai un pandeiro.
Cada ún é cada ún.
Cada ún é como Dios o fixo.
Cada ún é pai dos seus fillos.
Cada ún sabe donde lle doi.
Cada ún sabe donde lle pica.
Caçar e comer, sin presa ten que ser.
Can doente non conoce a xente.
Can ladrador pouco mordedor.
Can rabelo pra fodelo.
Cando a cabeza anda ó revés, qué farán os pes.
Cando a necesidá é moita sabe ben a broa.
Cando chove é sinal de auga.
Cando esteas entre parvos, faite o parvo.
Cando fun nora quixen mal a miña sogra.
Cando o burro pode a burra non quer.
Cando o home mexa nas botas non está pra mozas.
Cando ó ruin o fan señor, non hai coitelo pior.
Cando pases pola terra dos tortos pecha un ollo.
Cando ten máis prumas a galiña é cando ten o galo enriba.
Canto máis alta é a subida, máis grande é a caída.
Canto máis prima máis se lle arrima.
Canto máis se revolve a merda máis cheira.
Canto me dades, canto levades.
Casa barrida dí máis lucida.
Casa do ferreiro, coitelo de pau.
Casa sin muller, goberno non pode haber.
Casa sin muller, nunca rica pode ser.
Casa sin xente, niños de ratos.
Casa vella todo é pingueiras.
Casamento por interés, o contento dura un mes.

Casar a filla con vello non é consello.
 Cásate por interés e saberás o que é.
 Cásate Xan, que Dios dará pan.
 Castaña no camiño é do veciño.
 Carto ganado, carto papado.
 Ceguéi e caséi, se non cegara non casara.
 Ceo empedrado, chan mollado.
 Co tempo maduran as uvas.
 Co tempo maduran os figos.
 Co tempo todo se esquence.
 Co tempo todo se sabe.
 Come ben e non mires á conta de quen.
 Comer, durmir e cagar pide vagar.
 Comer e beber todos o saben facer.
 Con facer ben, ben pouco se perde.
 Con muito pan e con muita leña, o inverno a ninguén empeña.
 Con nada non se fai nada.
 Con pan ou sin pan, o que non morra vivirá por San Xoan.
 Con pacencia e con calar ben te podes gobernar.
 Con pan quente non bebas auga fría.
 Con unha sardiña pode pescarse unha troita ou unha anguía.
 Contas craras honran as caras.
 Contas non son contos.
 Conténtate co teu e deixa a cada cal o seu.
 Contra un pai nunca hai razón.
 Corpo folgado diñeiro val.
 Coser e facer albardas, todo é dar puntadas.
 Costa abaixo tódolos santos axudan.
 Cousa atopada non é roubada.
 Chámalle burro ó cabalo.
 Chámame can e bótame pan.
 Da boa nai busca e da boa cepa pranta viña.
 Dá Dios as noces a quen non ten dentes.
 Dá Dios pan a quen non ten dentes.
 Dalle, dalle, que por un ouvido me entra e por outro me sae.
 Dando na cabeza dase en todo o corpo.
 Dar, prestar e fiar todo é dar.
 De burro pra baixo non hai peor besta.
 De nada, nada esperes.
 De pai a pai, pouco vai.
 De persoa trapalleira fuxe á carreira.
 De quen non se pensa gran pedrada.
 De San Pedro a San Xoán, cinco días van.
 De tales pais tales fillos.
 Debes pensar que prá vellez hai que gardar.
 Deixa andar ó can ca roca.
 Di mentiras e sacarás verdades.
 Digo e digo que a breva non é figo.
 Digocho filla, entendeme nora.
 Dígollo a meu irmán pra que o entenda Xan.
 Dime con quen irás e diréiche o que farás.
 Dios axuda a quen moito madruga.
 Dispóis aran os bois.
 Dispóis de morrer, campanas por gaitas.
 Dixolle o corvo á pega, fuxe dai que eres negra.
 Dixolle o pote ó caldeiro: arreda, non me luxes.
 Do becerro verás ó boi que terás.
 Do pensar ó facer hai moitas leguas que correr.

Do que non pago, xordo me fago.
Do que non sabes non fales.
Do vello o consello.
Do ver nace o querer.
Donde comen cen come ún tamén.
Donde hai galo non canta galiña.
Donde se quita e non se pon, logo se chega ó fondo.
Dormir e gardar a leira, non hai maneira.
Dous lobos a un can ben o comerán.
Dous cousas frias están: cú de muller e fociño de can.
Dun ovo sae unha galiña.
Dunha ovella negra sae un año branco.
Duro é non ter que comer.
E ben burrico o que vive probe por morrer rico.
E millor pan duro que figo maduro.
En Abril, augas mil.
En Abril o salmón pra min.
En Agosto frío no rostro.
En Maio ainda a vella queima o tallo.
En San Andrés colle o porco polos pes.
En San Xoán a sardiña unta o pan.
En San Xoán as nove con día dan.
En San Xoán o xamón pro can.
En Santa Lucía mengua a noite e medra o día.
En toda terra espiga o pan.
En vender e mercar non hai amistá.
Enriba de brevas nunca bebas.
Enriba do rei está a lei.
Entrar e saír é como meter e sacar.
Entre casados fanse as paces deitados.
Entre Maio e Abril sae o cuco do cubil.
Eu ben sei con que bois aro.
Eu ben sei cos bois que aro.
Fai máis o que quer que o que pode.
Fala moito de caza e merca na praza.
Farta ben o teu criado e veralo calado.
Gaiola feita, páxaro morto.
Galiña choca ovos non pon.
Gato escaldado da auga fría fuxe.
Gato que non come, morre.
Home casado, home capado.
Home casado, muller é.
Home casado nin muller é.
Home pequeno, fol de veneno.
Horta, muller e muiño queren uso continuo.
Labrador lacazán non ten callos na man.
Máis apaga a boa palabra que o caldeiro da auga.
Máis val padecer que morrer.
Máis val pouco e ben ganado que moito mal logrado.
Máis val quedar torto que morto.
Máis vale acertar que escoller.
Máis vale antes que dispóis.
Máis vale din que don.
Máis vale gardar que emprestar e non cobrar.
Máis vale pouco que nada.
Máis quero burro que me leva que cabalo que me deixa.
Mal anda o paxariño na man do meniño.
Mal anda o rato que non sabe máis dun burato.

Mal sono dorme quen veneno colle.
Mazán, troita e muller que sea fresca si pode ser.
Mentras que o pau vai e ven descansa o lombo.
Millor é saber moito e falar pouco.
Moito aceite na tixola si queres facer cousa boa.
Moito e ben, non hai quen.
Moito sabe o rato, pero máis sabe o gato.
Moitos son a comer e poucos a facer.
Na casa do bo amo morre o bo criado.
Na casa do cura sempre hai fartura.
Na casa do probe todas son pingueiras.
Na moita necesidá di o amigo a verdá.
Na necesidá vese ben a amistá.
Na paz e na guerra ó que matan, morto queda.
Nada e todo, todo e nada.
Nadal mollado, Xaneiro ben xiado.
Nai gobernanta, filla perguiceira.
Neno criado por abó nunca poderá ser bo.
Neno mimadiño, neno perdidíño.
Nin todo o que pensas fales.
Ninguén as faga que tarde ou cedo se pagan.
Ninguén correo que non parase.
Ninguén poide darse o que non ten.
No meu carro non vai a misa.
No mes de Abril fai queixos a mil.
No vender vai a ganancia.
Non coidas que por rezar te has de salvar.
Non desprecies o consello de sabio ou de vello.
Non digas quen eres que xa cho dirán.
Non é bon trato mercar caro e vender barato.
Non é o mesmo comer que ver comer.
Non é o mesmo predicar que dar.
Non esquezas que a vida tela perdida.
Non está o forno pra bolos.
Non fagas nunca caso de quen non che fai caso.
Non foi mal pescador teu pai que pescou a tua nai.
Non hai amigo como un libro.
Non hai amor nin diñeiro como o pirmeiro.
Non hai feira mala, o que non perde, gana.
Non hai feitizo como pan trigo e o leite macizo.
Non hai mala terra con esterco e rega.
Non hai millor sinal de chuvia que vela caer.
Non hai millor palabra que a que se cala.
Non hai millor rede que a que pilla o peixe.
Non hai millor viño que o da viña.
Non hai nai como a que pare.
Non hai pan sin afán.
Non hai pior afán que moitos fillos e pouco pan.
Non hai pra pan e mercamos estampas.
Non hai sábado sin sol nin domingo sin misa.
Non hai sardiña sin espiña.
Non hai segredo que non se seipa tarde ou cedo.
Non hai vella da cintura pra baixo.
Non lle falta pucheiro ó que ten diñeiro.
Non me fagas pecar que veño de confesar.
Non sabe o que ten quen casa de seu ten.
Non sabe o raposo das galiñas que dormen fora.
Non se acorda a sogra que foi nora.

Non se fai fora de tempo o que se fai no seu tempo.
 Non se fixo o mel pro fuciño do porco.
 Non se vai ó ceo a cabalo.
 Non seas parvo Xan, e non cho chamarán.
 Non sempre temos o que queremos.
 Non todos os días son martes de antroido.
 Non todos podemos o que queremos.
 Nos máis vellos están os bos consellos.
 Nunca choveu que non escampase.
 Nunca faltou un roto pra un descosido.
 Nunca queras do teu amigo máis do que él quixera contigo.
 O amigo e ó cabalo non hai que cansalo.
 O amor e a fe nas obras se ve.
 O amor e o viño sacan o home de tino.
 O avelán e o castrón en Maio están en sazón.
 O axexo calquera mata o conexo.
 O badal da campana por todos chama.
 O ben chega a poucos i o mal a todos.
 O ben é conocido cando é perdido.
 O ben i o mal á cara sai.
 O ben, ven andando i o mal voando.
 O boi ceibo ben se lambe.
 O burro pequeniño sempre é burriño.
 O cabo do ano morren máis polos que galos.
 O caldo das paridas non lle fai mal as preñadas.
 O caldo que non leva unto non está no seu punto.
 O can e o neníño donde atopan cariño.
 O casar quere acertar.
 O cego de nada lle serve o espello.
 O conto é que eu teña, veña de donde veña.
 O crego e o raposo se perden a mañán, perden o día todo.
 O dare é honor, o pedir é door.
 O deber é tan antigo como non pagar.
 O demo e a muller non lle falta que facer.
 O diñeiro do xogo vaise logo.
 O diñeiro é o amo do mundo enteiro.
 O Díos do usureiro é o diñeiro.
 O door enséña a parir.
 O emprestado é parente do dado.
 O enxame de Abril pra min.
 O fillo da cabra, cabirto é.
 O gato i o rato non comen no mesmo prato.
 O mal amigo deixa a palla e leva o trigo.
 O mal do pai co fillo vai.
 O mal e o ben na cara se ven.
 O mal tempo no seu tempo é bo tempo.
 O moito presumir ou dá que chorar ou dá que rir.
 O moito vagar chega a cansar.
 O nome dura máis que o home.
 O non perder xa é ganar.
 O ourizo tamén Díos o fixo.
 O ovo quer sal e fogo.
 O pagar e o morrer canto máis tarde poida ser.
 O pan polo coor e o viño polo sabor.
 O papel terma de todo.
 O parir é door e o criar é amor.
 O pescar con cana quer paciencia e maña.
 O probe e á nogueira todos lle ceiban pedras.

O probe enterra ó seu pai como pode.
 O probe hastra os cans lle ladran.
 O proveito da aldea Dios os dea.
 O que á chuvia se pon, mollado queda.
 O que cea e vaise deitar, mala noite quer pasar.
 O que con nenos se deita, cagado se levanta.
 O que con nenos se deita, mexado se levanta.
 O que dí o que non é, tamén oi o que non quer.
 O que é bon patrón non deixa o timón.
 O que é tolo é do miolo.
 O que está no papo non está no prato.
 O que fixo e desfixo, nada fixo.
 O que ha de obedecer non ha de repoñer.
 O que has de comer non o vexas facer.
 O que leva zapatos brancos en Xaneiro non ten diñeiro.
 O que mal anda mal acaba.
 O que moito corre logo para.
 O que naceu pra perra non chegará ó patacón.
 O que non custa nada, boa tixelada.
 O que non fai falla, sobra.
 O que non pode ser non hai que lle facer.
 O que non queira cans á porta que bote a cadela fora.
 O que non queiras pra ti non o queiras pra min.
 O que non quer unha cunca darselle dúas.
 O que non se comenza nunca se acaba.
 O que non se empeza nunca se acaba.
 O que non se sabe é o que non se dí.
 O que non ten cabeza non precisa monteira.
 O que non ten fillos apáralle Dios sobriños.
 O que non ten fillos ben os cría.
 O que non ten pra pan que non crie can.
 O que paga a Xan e debe a Ancrés, ten que pagar outra vez.
 O que paga o que debe, todo o que lle queda é seu.
 O que perde e dí que non o sinte, minte.
 O que pide mal pro seu veciño, venlle a él polo camiño.
 O que pra probe naceu nunca rico morrerá.
 O que queira enfermar cee moito e vaiase deitar.
 O que se casa quer casa.
 O que sube e cai mal lle vai.
 O que ten cabras e fillos non pode estar ben cos veciños.
 O que ten cú ten medo.
 O que ten fame e non come é porque non pode.
 O que ten que servir ten que sufrir.
 O que ten rabo de palla que non se achegue ó lume.
 O rei cando roga, manda.
 O reina, pero non goberna.
 O sacristán vende cera e non ten colmea.
 O San Antón verdadeiro é o dazasete de Xaneiro.
 O Sil leva a auga e o Miño a fama.
 O sol no inverno sai tarde eponse cedo.
 O sol sin sombreiro nin en Agosto nin en Xaneiro.
 O tempo i o diñeiro corren a paso lixeiro.
 O tempo non anda pra tras.
 O tempo vaise e os anos veñen.
 O tomate non lle vai ben ó chicutate.
 O traballar é virtude i o non traballar é saude.
 O vagar fai culleres.
 O vello desvergonzado fai o neno mal falado.

O vello i o forno pola boca se quantan.
 O vello por non poder e o mozo por non saber.
 O viño bebelo a modiño.
 O viño fai dormir e rir.
 Ollo de zapateiro nivel de carpinteiro.
 Onde hai pan non hai fame.
 Onde hai prudencia e concencia non hai penitencia.
 Onde hai querer todo se fai ben.
 Onde non hai pan non o comen os ratos.
 Onde pago, cago.
 Onde vai a fouce vai o mango.
 O querer verdadeiro entra polo mexadeiro.
 Os anacos tiran a ola.
 Os contos non enchen.
 Os gatos cas presas paren os fillos cegos.
 Os nenos son fillos de Dios e afillados do demo.
 Os parentes amostralles os dentes.
 Os pes tortos dalle zocos.
 Os troncos e o mar dan un pouco que pensar.
 Ou nas uñas das mans ou nas uñas dos pes as de imitar de quén es.
 Ouvir, ver e calar pola terra e polo mar.
 Ovella que berra, bocado que perde.
 Ovo ben batido, incha como a muller co bo marido.
 Palabras sin feito, gaita sin punteiro.
 Palabras sin obras, guitarra sin cordas.
 Pallas mortas non alumean.
 Palleiro sin palla non se pode facer.
 Pan alleo pouco engorda.
 Pan varolento alegre ó famento.
 Pan de boda pra min sobra.
 Pan e auga sopas son.
 Pan, viño e carne quitan fame.
 Papas e casamento en quente.
 Parvo é o que pensa que outro non pensa.
 Pecado calado, medio pecado.
 Pedra solta non ten volta.
 Pensa ben e non pensarás en ningún.
 Pensar non é o mesmo que saber.
 Perdido é quen con perdidos anda.
 Pes quentes, cabeza fría.
 Pescador de cana come máis do que gana.
 Pide o goloso pro vergonzoso.
 Pola Santa Mariña semanta a nebiña.
 Polo Nadal cada ovella ó seu corral.
 Polo pan vai o can.
 Polo San Andrés neve nos pes.
 Polo San Matías tan longas as noites como son días.
 Polo vestido do criado ben se conoze ó amo.
 Por dado que está feito xa non hai xeito.
 Por decir as verdades perdense moitas amistades.
 Por prometer ninguén chegou a empobrecer.
 Por unha palla arde un palleiro.
 Pouca terra ben esterçada vale por moita mal traballada.
 Pra baixo calquera boi tira.
 Pra pescar hai que ir ó río ou ó mar.
 Pra quen non quer teño dabondo.
 Pra seu pai non hai fillo feo.
 Predica frade, por unha orella me entra e por outra me sae.

Pro probe sempre é noite.
 Prometer é vispera de dar ou de mal quedar.
 Pulgas ten a viuda e non ten quen llas sacuda.
 Queira que non queira, o burro ha de ir a feira.
 Quen anda de pesca sempre tropeza.
 Quen dá consellos non da cartos.
 Quen de noite asubía polo demo pia.
 Quen de preito se librou, bon preito ganou.
 Quen máis non pode, coa sua muller se deita e dorme.
 Quen mal dí, mal hai ouvir.
 Quen me quere ben dame do que ten.
 Quen non crea a verdá, verdá non dirá.
 Quen non ten pes, non pode dar couces.
 Quen pouco ten, pouco pode.
 Quen queira pescar, ten que se mollar.
 Quen sirve e non medra non sei que espera.
 Quen sirve ó común non sirve a ningún.
 Quen ten filla solteira non fale mal da allea.
 Quen ten saber, sabe ter.
 Quen ten unha sogra boa e a perde, non sabe o que gana.
 Quéroche moito polo tempo enxoiro, e polo mollado nin pouco nin moito.
 Si o ceo cai debaixo nos colle.
 Si o fillo sai ó pai saca de dúbida á nai.
 Si queres engordar come con fame e bebe de vagar.
 Si queres ter caseiros non teñas herdeiros.
 Si o Nadal nada, señal de boa anada.
 Si tes presa vaite con calma.
 Sin rompere ovos non se fan tortillas.
 Sirve ó señor, e saberás o que é door.
 Sol madrugueiro auga no rueiro.
 Sol que moito madruga pouco dura.
 Soñar con mortos señal de vivos.
 Tabaco, viño e muller botan a ún a perder.
 Tal amo, tal criado.
 Tan bo é Xan como Pedro.
 Tan bo é Xan como Pericán.
 Tanto ten negar como tarde dar.
 Tanto vale o responso cantado como rezado.
 Tarde ou cedo, todolos porcos proban o coitelo.
 Tempo ido, tempo perdido.
 Tendo saúde e comendo ben o traballo non mata a ninguén.
 Teño o que teño, e co que teño, ben ou mal me manteño.
 Tirar a pedra con mal allea é cousa fea.
 Todo canto a terra dá, todo comerá.
 Todo doi pra sanar, menos os ollos que doin pra enfermar.
 Todo quer uso, e a muller quer roca e fuso.
 Traballando sin candil fanse fillos a mil.
 Traballo sin proveito é facer o que xa está feito.
 Tras das peras auga non bebas.
 Tras do bo tempo ha de vir o mal tempo.
 Tres cousas tes que coidar: ouvir, ver e calar.
 Tripas e bodas en quente.
 Troita cara non é sana.
 Un chupiño de augardente deixa o corpo quente.
 Un home é un home e un gato é un bicho.
 Un home é un home, e seis son media ducia.
 Un pai pra cen fillos e non cen fillos pra un pai.
 Un pouquiño e outro pouquiño fan un moiño.

Un solo demo non fai inferno.
Unha cousa é ver e outra mirar.
Unha mala palabra é como unha coitelada.
Unha mala palabra non racha roupa pero esgaza a ialma.
Unha noite mala calquera a pasa.
Uns din o que saben e outros non saben o que din.
Val máis algo perdido que todo comido.
Val máis arrieiro dunha besta que criado dunha recua.
Val máis calar que mal falar.
Val máis codia dura que pedra mol.
Val máis pequeno agudo que grande e burro.
Val máis ser media merda que merda enteira.
Val máis un toma que dous te darei.
Val máis unha misa en vida que corenta dimpois de morto.
Val máis vello honrado que mozo desvergonzado.
Vale máis pan duro que consello de burro.
Vale máis pan duro que pedras moles.
Vello que fai boda, cava sin querer a súa cova.
Vento que se deita ó noitecer érguese ó amañecer.
Veremos, dixo o cego.
Viva Dios e cante o merlo.
Vivir como Dios manda é morrer como Dios queira.
Xa nos veremos, dille un cego a outro.
Xente con xente, dixo o carrizo.
Xente nova e leña verde todo é fume.

Indice

	PAGINA
LIMIAR	5
UNHAS VERBAS	7
SUCEDOS DA MIÑA VIDA	9
O cabirto	11
O galo do Don Xosé	12
Conversa co autor	14
O sombreiro de palla	17
Pregóns	20
A regueifa	23
Anécdotas da regueifa	28
CONTOS VERDADEIROS	29
O «Morenillo»	31
«O Palmeritas»	32
A Catuxa, que tiña o home na América	33
O «Chiu - Chiu»	34
Catro mil pombos	35
A «piriquiña» da «Carriza»	36
Oferecemento a Santa Mariña	37
CONTOS POPULARES	39
Don Robustiano e Manoliño	41
Xan do Recho e o Laberco	43
A festa do San Bieito	45
A filla de Xusto	47
O estudante alemán	49
O Formigo	51
Parare	53
O Farulas	55

O café a remollo	57
O Tirabeque	59
O Mingucho tamén era mestre.....	61
A Pataqueira e a Madalena	63
Doña Teresita	65
A jota	66
Pandeirada.....	69
Maneo de Lañas	71
Maneo de Mens (Malpica).....	72
O fandango	73
A muiñeira	77
APUNTES VARIOS.....	79
A vida dun can	81
Namentras as vacas pacen.....	82
REFRANS	83
Refráns do raposo.....	85
Refraneiro	86



LA EDICION Y LA DIFUSION DE ESTE LIBRO DIVULGATIVO DEL ACERVO CULTURAL Y FOLKLORICO DEL PAIS GALLEGO HA SIDO POSIBLE MERCED A LA GENTIL COLABORACION DE «BEGANO, S. A.», CONCESIONARIOS DE «COCA-COLA».

ANEXOS

Cajaraville Pensado, Manuel. *Nuevas biografías coruñesas*,
por A. González Catoyra

Naceu o 23 de xaneiro de 1926 nunha parroquia do concello de Negreira, na provincia da Coruña. Dende neno, sentiu unha grande inclinación polo baile galego.

En 1940, trasladouse á Coruña cos seus pais e irmáns e, cando chegou á nosa cidade, xa aprendera e practicara o baile galego nas romarías, foliadas, fiadas etcétera.

No 1943, presentouse a un concurso de baile na primeira das romarías que se celebrou en Santa Margarida e gañou o primeiro premio, onde formou parella cunha rapaza veciña súa. E foi alí onde o fichou Cántigas da Terra, por mediación de Anta Seoane, Ramón Puga, Pena, José Luis Bugallal e outros. En Cántigas estivo dezaioito anos, sempre como primeiro bailarín, até 1960, cando caeu enfermo, o que o obrigou a permanecer inactivo durante certo tempo, tras estar seis meses encamado.

Despois deste período de inactividade, actuou como bailarín e coreógrafo na Sociedade Cultural Artística Lembranza do Arte e, en 1966, integrouse na Agrupación Folklórica Aturuxo como coreógrafo e mestre de baile, onde estivo deica 1981, no que tivo que abandonala, tamén por razóns de enfermidade.

Manolo Cajaraville recibiu, en varias ocasións, proposicións para pasar ao campo profesional, propostas que foron sempre refugadas porque non quería afastarse da súa terra galega.

A súa arte como danzante estaba chea de nervio, afouteza e enxebreza, xunguido a un fino sentimento da composición no paso e

na figura. Calidades todas elas que se exaltaban extraordinariamente co seu labor coreográfico. A crítica dedicoulle sempre os máis acendidos eloxios. Borobó, no diario *La Noche*, dixo que “endexamais vira bailar a muiñeira como Cajaraville” e un xornalista británico, tras contemplar as súas actuacións en Francia, chamouno o Nijinski das nosas danzas.

Segundo Cajaraville, “montar a coreografía dun espectáculo folclórico galego supón un esforzo extraordinario, pois para logralo é preciso viaxar moito, ver bailar nas súas eiras ou lareiras a xente maior e recoller o son en magnetófono”. Así é como el puido facerse con algunhas danzas ancestrais.

Ao longo da súa dilatada actividade artística dentro do folclore galego, Cajaraville creou as seguintes estampas: *Suite gallega*, que se ofreceu en varias cidades dos Estados Unidos e de América do Sur, así como en Europa, chegouse a estrear en Cuba polo bailarín profesional Roberto Iglesias, deuse a coñecer na Coruña e reestrouse en Festivales de España en 1973, e *Noite de meigallo i esconxuro*, que foi posta en escena no Teatro Colón da Coruña, en xuño de 1974.

Cajaraville foi o descubridor das vellas pandeireteiras de Mens (Malpica) que, posteriormente, incorporou á Agrupación Folclórica Aturuxo, exemplo que seguiron outras agrupacións folclóricas de Galicia. Con estas pandeireteiras viaxou Cajaraville e a agrupación Aturuxo por toda Galicia, Cidade Real, Madrid, Barcelona, Calatayud, Andalucía, Portugal (en varias ocasións), Francia, Arxentina etcétera, logrando continuos éxitos. Con elas acadou, así mesmo, as Medallas de Ouro, Prata e Bronce das Xornadas de Folclore Galego, celebradas en Santiago.

No ano 1972, unha firma comercial organizou un concurso de baile rexional no que interviñeron até duascenas parellas que ían eliminándose, de xeito que se clasificaba tan só a primeira de cada municipio. Ao final, celebrouse en Santiago de Compostela diante duns dez mil espectadores e Cajaraville, acompañado da súa parella, foi o gañador absoluto.

Un dos momentos máis emotivos vividos por Cajaraville foi cando o 23 de xullo de 1955, no seu paso por Burgos, camiño de Francia e tras unha recepción no Excelentísimo Concello daquela cidade, a agrupación actuou no palco da música situado no Esporón. Cantouse *A Rianxeira*, que foi repetida sete veces, até ser finalmente coreada por todo o público asistente. Á volta de Francia, todos os compoñentes da agrupación foron convidados a xantar no mellor restaurante de Burgos.

Unha anécdota moi interesante que conta Cajaraville é a seguinte:

Unha señora, Clarisa Noya, natural de Ponte do Porto (Camariñas), de idade moi avanzada e moi delicada saúde, comunicoulle a Cajaraville os enormes desexos que tiña de velo bailar antes de morrer. Ao non poder desprazarse á Coruña, Cajaraville prometeulle que iría el á súa casa, e así o fixo, na compañía de parella, gaitero e tamboril. Dona Clarisa, persoa de gran sensibilidade e dotes poéticos, faleceu ao pouco tempo, pero non sen antes escribirlle e dedicarlle unha moi sentida poesía, composta por ela.

Cajaraville realizou tamén os primeiros ensaios e intentos de ballet galego, e moitos dos nosos bailes non pasaron ao esquecemento grazas a este home, que soubo recollelos fielmente do pobo e introducilos, con enorme respecto e pureza, nas súas creacións artísticas.

O 16 de abril de 1983, a Academia de Belas Artes concedeulle a Cajaraville, por unanimidade, a Medalla de Ouro Marcial del Adalid, como recoñecemento a unha tarefa realizada ao longo de moitos anos, cunha afección extraordinaria e sen outro interese ca o da arte pola arte.

Ademais de coreógrafo e bailarín, Cajaraville foi un magnífico pescador de río e un gran compilador de refráns.

A pesca do salmón constitúe para el unha extraordinaria satisfacción que, afortunadamente, experimentou moitas veces. Calcula ter pescados uns oitenta, o máis grande de dez quilos. No tocante ao número de reos, foron tantos que podería contalos por centos e as troitas por milleiros. Na pesca do reo chegou a ter o récord de Galicia, feito que recolleu a prensa galega.

O 19 de agosto de 1983 tivo lugar a presentación dun libro seu, intitulado *Debullando folklore*. A presentación correu a cargo de Juan Naya Pérez, xornalista e bibliotecario da Real Academia Galega e secretario da Academia de Belas Artes.

Co seu libro, Cajaraville propúxose espallar os seus coñecementos sobre o folclore galego. Nel recóllense anécdotas reais; fálase do sombreiro de palla, dos pregóns; explícase o que é a regueifa e nárnanse diversos cantos populares. Hai tamén un capítulo dedicado ás danzas: a xota, a pandeirada, o maneo, o fandango e a muiñeira. E inclúese tamén un pequeno refraneiro con 600 dos máis de 4000 refráns que Cajaraville ten recompilados.

[“CAJARAVILLE PENSADO, Manuel”, no libro de Alfonso GONZÁLEZ CATOYRA: *Nuevas biografías coruñesas*. Edición do autor, A Coruña, 1997, pp. 116-118. Texto orixinal en lingua castelá; respéctase a puntuación do autor].

APÉNDICE FOTOGRAFICO



Manuel Cajaraville en Quimper (Bretaña francesa), con Cántigas da Terra. 24.07.1955. Álbum familia Cajaraville.



Manuel Cajaraville bailando con María García Tomé en Quimper (Bretaña francesa). 24.07.1955. Álbum familia Cajaraville.



Bailando con María García Tomé, en Cántigas da Terra. Outubro de 1956. Álbum familia Cajaraville.



Cajaraville despois de recibir o premio á mellor parella de baile nas VIII Xornadas de Folclore Galego en Santiago de Compostela. 23.07.1976. Álbum familia Cajaraville.



Cajaraville fotografado no seu barrio de Monte Alto, na Coruña.
Ano 1990. Álbum familia Cajaraville.



Na súa presentación pública, o autor amosa o libro *Debullando folklore*. A Coruña, 18.06.1983. Álbum familia Cajaraville.



Cajaraville e seu pai danse unha aperta na presentación do libro *Debullando folklore*. A Coruña, 18.06.1983. Álbum familia Cajaraville.



Mesa presidencial do acto da presentación de *Debullando folklore*. A Coruña, 18.06.1983. Álbum familia Cajaraville.



Xosé Filgueira Valverde —daquela, conselleiro de Cultura da Xunta de Galicia— dirixe unhas palabras na presentación de *Debullando folklore*. A Coruña, 18.06.1983. Álbum familia Cajaraville.



Cajaraville pronuncia unhas palabras de agradecemento ante os membros da Real Academia de Belas Artes. A Coruña, 18.02.1984. Álbum familia Cajaraville.



Manolo Cajaraville recibe de Manuel Chamoso Lamas o diploma acreditativo da Medalla de Ouro Marcial del Adalid. A Coruña, 18.02.1984. Álbum familia Cajaraville.



Coa Medalla de Ouro Marcial del Adalid. A Coruña, 18.02.1984.
Álbum familia Cajaraville.



Manolo coas pandeireteiras de Mens (Teresa, Adela, Asunción e Manuela), nos soportais da compostelá praza da Quintana. XII Xornadas de Folclore. Xullo de 1980. Arquivo Agrupación Folclórica Aturuxo.



Cajaraville coas pandeireteiras de Mens. Fotografía publicada en quepasanacosta.gal. 28.01.2024.

HOMENAXE A

MANUEL CAJARAVILLE PENSADO

Coreógrafo, Folklorista e Mestre de Baile Tradicional Galego
LOGROSA 1926 - A CORUÑA 1999



XXX Día da Muñeira de Negreira

Domingo 5 de xuño de 2022 | 12:00h | Auditorio Centro Sociocultural



INTERVEÑEN

Escola Municipal de Baile Tradicional de Negreira
Grupo de Gaitas Os Garuleiros de Negreira
Grupo de Baile Veiga do Cotón de Negreira
Grupo de Pandereteiras Limagoia de Negreira
Agrupación Folklórica ATURUXO de A CORUÑA



Cartel do XXX Día da Muñeira en Negreira, centrado nunha homenaxe póstuma ao mestre Manuel Cajaraville Pensado. 05.06.2022. Arquivo particular Amancio Liñares.



**Ámbito de
Estudios en
Historia
Contemporánea**
CENTRO RAMÓN PIÑEIRO PARA A
INVESTIGACIÓN EN HUMANIDADES

Esta edición facsimilar do libro
Debullando Folklore
acabouse de imprimir na primavera de 2025,
cadrando co 110º aniversario do nacemento de
Ramón Piñeiro López (31.5.1915).



CENTRO RAMÓN PIÑEIRO
PARA A INVESTIGACIÓN
EN HUMANIDADES